

**XUNTA DE GOBERNO**  
**Sesión do día 11 de decembro de 2023**

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas e cinco minutos do día once de decembro do ano dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Marta Fernández-Tapias Núñez, Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, José Carlos López Campos, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Así mesmo, están presentes as deputadas *María Sandra Bastos Míguez e María Isabel Concelo Torres* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.33233.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 1 de decembro de 2023.

2.33234.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA “SUBMINISTRACIÓN, INSTALACIÓN E POSTA EN MARCHA DE EQUIPOS AUTOMÁTICOS PARA A DETERMINACIÓN DE PROTEÍNA E GRAXA BRUTA PARA O LABORATORIO DA FINCA MOURISCADÉ”. (Expte.2023058918)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 03 de novembro de 2023, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, da subministración, instalación e posta en marcha de equipos automáticos para a determinación de proteína e graxa bruta para laboratorio da Finca Mouriscadé, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, para a presentación de proposicións.



O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 06 de novembro 2023. Na mesma data, publicábase no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 23 de novembro de 2023 procedeu á apertura electrónica dos sobres “únicos” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos, sendo as empresas presentadas as seguintes:

- SCHARLAB, S.L. (NIF: B63048540)
- FOSS IBERIA. S.A.U. (NIF: A08912909)

Os valores ofertados pola empresa admitida constan no certificado da mesa de contratación con CSV: BUKPOUDFNY2FS8LF.

Unha vez efectuada a ponderación dos valores ofertados no sobre único correspondente aos criterios de valoración automática de conformidade co indicado nos pregos, as puntuacións obtidas son as seguintes:

Empresa	Puntuación lote 1	Puntuación lote 2
FOSS IBERIA. S.A.U. (NIF: A08912909)	46,277 puntos	41,166 puntos
SCHARLAB, S.L. (NIF: B63048540)	35,611 puntos	Non se presenta

Examinadas as ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 23/11/2023, acordou aprobar a clasificación das ofertas presentadas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do lote número 1 e número 2 do contrato a favor da empresa FOSS IBERIA. S.A.U. (NIF: A08912909), polos prezos e valores ofertados.

Con data 24 de novembro de 2023, o secretario da Mesa de Contratación requiriu á empresa FOSS IBERIA. S.A.U. (NIF: A08912909), que presenta a mellor oferta tanto no lote nº 1 como no lote nº 2, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar desde o envío da comunicación electrónica do requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa FOSS IBERIA. S.A.U. (NIF: A08912909) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2023065298, de data 28/11/2023), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva para o lote nº 1 polo importe de 2.443,40 € (carta de pago núm. operación 202300243760, do 28/11/2023). E para o lote nº 2 polo importe de 2.540,65 € (carta de pago núm. operación 202300243759, do 28/11/2023).



Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adjudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adjudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministración cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adjudicar os dous lotes do contrato de “*Subministración, instalación e posta en marcha de equipos automáticos para a determinación de proteína e graxa bruta para laboratorio da Finca Mouriscade*” á empresa FOSS IBERIA. S.A.U. (NIF: A08912909) polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

Prezo Lote 1:

Prezo sen IVE:	48.868,00 €
IVE (21%):	10.262,28 €
Prezo total:	59.130,28 €

Prezo Lote 2:

Prezo sen IVE:	50.813,00 €
IVE (21%):	10.670,73 €
Prezo total:	61.483,73 €

O prazo de execución do contrato (entrega, instalación e posta en marcha dos equipos) é de como máximo 6 semanas a contar dende a formalización de cada un dos lotes, sen posibilidade de prórrogas.

O contrato finalizará coa firma da acta de recepción dos equipos fornecidos, no que se constata a correcta execución do contrato. Todos os artigos do lote deberán cumprir as especificacións que se indican.

Para a entrega das subministracións, a/as empresa/as adjudicatarias/as deberán cumprir o horario que o laboratorio peticionario indique.



A/as empresa/as adxudicatarias coidarán de que na entrega non se produzan danos nin fugas de produto, facéndose responsable dos danos ocasionados si os houberse.

O adxudicatario comprométese a enviar a subministración as instalacións do centro: Finca Mouriscade da Deputación de Pontevedra, sita en rúa Vilanova s/n, CP. 36515, Lalín (Pontevedra).

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2023 financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2023	410.4120.623.01.2022 - XSANOR	10.925,00 €
2023	410.4120.623.01 - XSANOR	7.189,01 €
2023	410.4120.623.01	102.500,00 €

Forma de pagamento: TOTAL

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Núm. de exp.:	2023058918	
Órgano xestor:	LA0006120	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: xefatura do servizo de Medio Ambiente ou persoa na que delegue.

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.



Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

3.33235.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE IMPLANTACIÓN, DINAMIZACIÓN E MANTEMENTO DUNHA PLATAFORMA B2B DENTRO DO PROXECTO “DA TUA MAN (RURAL)” APROBADO NA CONVOCATORIA 2022 DA LIÑA DE AXUDAS PARA O APOIO A ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS RURAIS DO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PRTR) FINANCIADO POLA U.E. NEXT-GENERATION”. (Expte.2023048319)

A Xunta de Goberno na sesión ordinaria do día 22/09/2023, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do servizo de Implantación, dinamización e mantemento dunha plataforma B2B dentro do proxecto “Da túa man (rural)” aprobado na convocatoria 2022 da liña de axudas para o apoio a actividade comercial en zonas rurais do Ministerio de industria, comercio e turismo no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) financiado pola UE Next-Generation.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 22/09/2023. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 13 de outubro de 2023, procedeu á apertura electrónica dos sobres A correspondentes a documentación, acordando a Mesa de Contratación admitir as seguintes empresas:

- CENTRO DE OBSERVACIÓN Y TELEDETECCIÓN ESPACIAL SAU (CIF A-47.461.066)
- CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS SL (CIF:B15757941)

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo do Servizo do Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local ao obxecto de que o persoal técnico do mesmo, avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.



O Xefe do Servizo de Emprego e desenvolvemento Local e o Técnico medio de administración Xeral do Servizo de Novas Tecnoloxías José Ramón Pérez Gonzalez emitiron informe de valoración dos criterios avaliados mediante xuízos de valor con CSV (TNDP33M6QLE9S6TF),, sendo ditas puntuacións as seguintes:

Empresas Licitadoras	1. Implantación da plataforma B2B (ata 6 puntos)	2.- Módulo de xestión de contidos (ata 6 puntos)	3.- Captación, titorización e dinamización da rede (ata 5 puntos)	4.- Frontal web (ata 5 puntos)	5.- Módulo de comunicación colaborativa (ata 5 puntos)	6.- Visibilización: vídeo-experiencias (ata 6 puntos)	7.- Accións de formación e sensibilización (ata 4 puntos)	8 - Módulo de xestión de persoas usuarias (ata 3 puntos)	Total (ata 40 puntos)
CENTRO DE OBSERVACIÓN Y TELEDETECCIÓN ESPACIAL SAU	1,50	1,50	2,50	2,50	2,50	0,00	4,00	1,50	16,00
CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS SL	6,00	6,00	5,00	2,50	2,50	4,50	4,00	1,50	32,00

A Mesa de Contratación en reunión celebrada o día 26/10/2023 en base ó citado informe acordou prestar conformidade as citadas puntuacións e que non se proceda á apertura do sobre “C”, correspondente a documentación avaliada mediante criterios automáticos presentada pola empresa Centro de observación y teledetección espacial SAU ao non alcanzar un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (20,00 puntos), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares. En dita reunión a Mesa de contratación procedeu a apertura das propostas do sobre C da empresa *Cinfo Contenidos Informativos Personalizados SL* sendo os valores ofertados os indicados no certificado da Mesa de contratación con (CSV) EEFS3OQ0W2FTEPPZ.

Así mesmo a Mesa de contratación acordou facultar ao secretario para que, de resultar algunha oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

De conformidade co establecido no anexo VI do prego de cláusulas económico-administrativas “*Para a identificación dunha oferta como anormal no seu conxunto teranse en conta os criterios referidos ao prezo de implantación da plataforma e do mantemento, así como aqueles outros criterios que se considere que teñen transcendencia económica e que son os seguintes:*

- *Vídeo-experiencias ofertadas a maiores das 16 establecidas como mínimo.*
- *Oferta dunha bolsa de horas para desenvolvementos evolutivos durante o período de mantemento (máximo 1.500 horas).*

*O valor a considerar a efectos de identificar unha oferta como anormal no seu conxunto é o seguinte:*

Prezo ofertado correspondente a implantación da plataforma+ prezo ofertado correspondente ao mantemento



Este importe minorarase nas seguintes contías:

- 1.000,00 € por cada vídeo-experiencia ofertada a maiores (máx 5 vídeo-experiencias).
- Na contía resultante de multiplicar o número de horas ofertadas para desenvolvementos evolutivos (max 1.500 h) por 27,34 €.”

En base ao exposto o valor a considerar para a empresa *Cinfo Contenidos Informativos Personalizados SL* (C.I.F B15757941), a efectos de identificar unha oferta anormal no seu conxunto é de 126.822,18 €, observándose que dita empresa presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente aos valores ofertados tendo en conta a oferta no seu conxunto.

Polo tanto requíreselle para que no prazo máximo de cinco días hábiles xustifique dita oferta, e precise as condicións da mesma. A empresa *Cinfo Contenidos Informativos Personalizados SL* (C.I.F B15757941), presentou a xustificación requirida (Nº rexistro WEB2023061385).

O xefe do servizo de Promoción do emprego e desenvolvemento Local emite informe con CSV (J3N0S2AQLCS7JLLO) no que se conclúe que “*a oferta de CINFO Contenidos Informativos Personalizados S.L. (C.I.F B15757941) non contén valores anormais ou desproporcionados e o prezo e os valores ofertados están xustificados polo aforro en horas do persoal por non recorrer á subcontratación e por partir dun desenvolvemento xa evolucionado o que supón un aforro económico sen diminución da calidade dos traballos e a súa execución en tempo e forma*”.

A vista de todo o exposto a Mesa de contratación na reunión celebrada o día 9 de novembro de 2023 acorda:

1.- Propor ao órgano de contratación a exclusión da oferta presentada pola empresa *Centro de Observación y Teledetección Espacial SAU*. (CIF: A-47.461.066) ao non alcanzar un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas (20,00 puntos), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

2.- Aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa *CINFO Contenidos Informativos Personalizados S.L. (C.I.F B15757941)* en base ao informe emitido polo Xefe do servizo de promoción de emprego proceder a valoración dos criterios automáticos sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

Criterios automáticos	<i>CINFO Contenidos Informativos Personalizados S.L. (C.I.F B15757941)</i>
1. Prezo total ofertado para a implantación da plataforma ( <i>ata un máximo de 30 puntos</i> )	24,00
2. Prezo total ofertado para o servizo de soporte e mantemento ( <i>ata un máximo de 10 puntos</i> )	10,00
3.-Número de vídeo-experiencias ofertadas a maiores ( <i>ata un máximo de 10 puntos</i> )	10,00
4.- Oferta dunha bolsa de horas para desenvolvementos evolutivos durante o período de mantemento ( <i>ata un máximo de 10 puntos</i> )	10,00
TOTAL PUNTUACION C ( <i>Ata un máx. de 60 puntos</i> )	54,00



A Mesa de contratación en dita reunión aprobar a clasificación da oferta presentada e admitida no procedemento aberto convocado para contratación dos referidos servizos, sendo esta a seguinte:

Clasificación	Empresa	Puntuación Sobre B (Máx.40 puntos)	Puntuación Sobre C (Máx.60 puntos)	Puntuación total
1ª	CINFO Contenidos Informativos Personalizados S.L. (C.I.F B15757941)	32	54	86

Así mesmo a Mesa de Contratación en dita reunión acordou propor ó órgano de contratación, neste caso a Xunta de Goberno, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do referido procedemento aberto, á empresa *CINFO Contenidos Informativos Personalizados S.L.* polos prezos e valores ofertados por dita empresa.

Visto que o persoal técnico do servizo de Contratación, con data 10/11/2023, comproba que a empresa *CINFO Contenidos Informativos Personalizados S.L.* (C.I.F B15757941), atópase inscrita no *Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público (Rolece)*. Os certificados de inscrición acreditan, a teor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, así como a non concorrencia das prohibicións de contratar mediante Resolución Presidencial nº 20230085092 o órgano de contratación acorda aceptar a proposta da Mesa de Contratación, de data 09/09/2023 (CSV: CH8RXS5A7SNM94ZI), e requirir a empresa *CINFO Contenidos Informativos Personalizados S.L.* (C.I.F B15757941), que presenta a mellor oferta, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a restante documentación, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa *CINFO Contenidos Informativos Personalizados S.L.* (C.I.F B15757941) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2023065574), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva por importe de 8.641,61 € segundo se acredita mediante carga de pago con nº de operación 202300245941.

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Visto que consta no expediente os resultados da análise de risco de conflito de interese realizado por Minerva para a petición con identificador ACILDL23101052832028.





Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluir a oferta presentada pola empresa Centro de observación y teledetección espacial SAU ao non alcanzar un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (20,00 puntos), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

2.- Adxudicar o contrato para a prestación do servizo de Implantación, dinamización e mantemento dunha plataforma B2B dentro do proxecto “*Da túa man (rural)*” aprobado na convocatoria 2022 da liña de axudas para o apoio a actividade comercial en zonas rurais do Ministerio de industria, comercio e turismo no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) financiado pola UE Next-Generation a empresa *CINFO Contenidos Informativos Personalizados S.L.* (C.I.F B15757941) conforme ao seguinte detalle:

1.- Prezo ofertado:

1.1.- Prezo ofertado para a implantación da plataforma:

Importe sen o IVE:	140.179,20 €
IVE (21 %):	29.437,63 €
Importe total ofertado:	169.616,83 €

1.2.- Prezo total ofertado para o servizo de soporte e mantemento:

Importe sen o IVE:	32.652,98 €
IVE (21 %):	6.857,12 €
Importe total ofertado:	39.510,10 €

2.- Número de vídeo-experiencias ofertadas a maiores das 16 establecidas como mínimo: 5

3.- Oferta dunha bolsa de horas para desenvolvementos evolutivos durante o período de mantemento: 1.500 horas



Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2023 Implantación: Rede de comercio minorista, produtores locais e provedores	23/240.4315.641.00	16.961,68 €
2024 Implantación: Rede de comercio minorista, produtores locais e provedores	24/240.4315.641.00	149.727,92 €
2024 Implantación: Sensibilización y formación	24/240.4315.227.99	2.927,23 €
2024 Mantemento (6 meses)	24/240.4315.227.99	6.078,48 €
2025 Mantemento (12 meses)	25/240.4315.227.99	12.156,95 €
2026 Mantemento (12 meses)	26/240.4315.227.99	12.156,95 €
2027 Mantemento(9 meses)	27/240.4315.227.99	9.117,72 €
Total		209.126,93 €

A distribución por anualidades é estimada podendo sufrir variacións en función da data concreta de inicio do contrato.

Os importes correspondentes aos anos 2024, 2025, 2026 e 2027 quedan condicionados a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

Forma de pagamento: parcial de acordo cos seguintes fitos de facturación.

Os fitos de facturación segundo as fases son os seguintes:

#### Fase 1ª.- Implantación

Pagarase o importe correspondente á implantación conforme á finalización das seguintes fases/fitos:

FITO	DESCRICIÓN	Importe (sen IVE)	IVE	Importe (IVE incluído)
1	Deseño e posta en marcha da Plataforma nunha contorna de preproducción	14.017,92 €	2.943,76 €	16.961,68 €
2	Subministración, instalación e posta en marcha da plataforma en produción	86.782,08 €	18.224,24 €	105.006,32 €
3	Realización do inventario, accións de captación e tutela e dinamización	23.520,00 €	4.939,20 €	28.459,20 €
4	Realización das 16 vídeoexperiencias	13.440,00 €	2.822,40 €	16.262,40 €
5	Sensibilización e formación de habilidades e uso e xestión de ferramentas tecnolóxicas no comercio	2.016,00 €	423,36 €	2.439,36 €
6	Sensibilización e campañas para o fomento de estratexias de economía circular	403,20 €	84,67 €	487,87 €
Total		104.179,20 €	29.437,63 €	169.616,83 €



Ditos importes a pagar por cada fito son os resultantes de aplicar a porcentaxe de baixa correspondente ao prezo da implantación aos importes indicados na cláusula 6 d) do PCAP.

Os pagos á empresa adxudicataria realizaranse unha vez presentadas as facturas que correspondan en función das prestacións efectivamente realizadas e entregadas, polo que o pago realizarase fraccionado en función dos traballos efectivamente prestados.

#### Fase 2ª.-Mantemento

O importe correspondente ao servizo de mantemento pagarase mensualmente. O importe a pagar por cada mes obterase dividindo o importe de adxudicación correspondente ao servizo de mantemento (32.652,98 € sen IVE) entre o numero de meses de duración do servizo de mantemento.

O pago realizarase a finalización de cada mes durante o período de mantemento.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de expte e lote	2023030782 Lote _____	
Órgano xestor:	LA0006138	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: . O Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación, Eugenio José Marcote Carballo ou persoa na que delegue.

A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de dez días naturais, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.



Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

4.33236.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS “ACONDICIONAMENTO DE OFICINAS DA SEDE CENTRAL DO ORAL EN PONTEVEDRA”. (Expte.2023035838)

Resultando.- Que derivado da necesidade de reformas na planta primeira nos servizos Centrais do ORAL, situados na Avda de Marín, 9, destinada a dotar a esa planta duns aseos accesibles, así coma duns espazos de circulación e descanso adecuados ós requirimentos actuais, trasladouse ó servizo de Contratación, na data 03/11/2021, informe proposta solicitando que se tramitara o correspondente expediente para a contratación da obra “*Reforma parcial no primeiro andar da sede central do ORAL*” (Expte 2021053380).

Resultando.- Que por Resolución Presidencial número 2021007088 de data 30.11.2021 aprobouse o proxecto de execución da obra “*Reforma parcial na planta primeira da sede central do ORAL*”, cun orzamento base de licitación de 68.426,21 € IVE incluído IVE incluído.

Resultando.- Que posteriormente á aprobación deste proxecto, dende o ORAL considerouse necesario acometer a reforma dos aseos da planta baixa, debido á numerosa cantidade de traballadores que os utilizan e a necesidade de dotalos de accesibilidade.

Resultando.- Que na súa consecuencia, na data 28.12.2021 emitiu informe Directora de Servizos do ORAL coa conformidade do Deputado Delegado desa área, onde recollía que se consideraba singularmente necesario que a execución da reforma da planta primeira e dos aseos da planta baixa se leven a cabo de forma simultánea polo mesmo contratista, debido á necesidade de coordinar a execución das diferentes prestación no mesmo intervalo temporal, como para evitar as dificultades para a correcta execución dende o punta de vista técnico.

Resultando.- Que xunto co informe remitiuse ó Servizo de Contratación o proxecto de execución da obra “*Reforma de aseos en planta baixa de Sede Central do Oral*”.

Resultando.- Que como parte do expediente 2021053380, por Resolución Presidencial número 2022000582 de data 28/01/2022 aprobouse o proxecto de execución da obra “*Reforma de aseos en planta baixa de Sede Central do Oral*”, redactado polo arquitecto técnico adscrito a Promove Arquitectura, J. Abel Mato Meijome cun orzamento base de licitación de 43.508,89 € IVE incluído e iniciouse o procedemento de licitación da obra “*Reforma parcial no primeiro andar e dos aseos da planta baixa da sede central do ORAL*”, cun orzamento base de licitación de 111.935,10 €, IVE incluído, na que se incluían os dou proxectos anteditos como prego técnico.



Resultando.- Que na data 25/03/2022 o Servizo de Arquitectura informa que, tras consulta ao Concello de Pontevedra, faise imprescindible a execución de obras de ventilación na sede central do ORAL, a fin de legalizar a actividade do ORAL. O ORAL, en coordinación co Servizo de Arquitectura consideran que por razóns de índole técnica e organizativa faise imprescindible a redacción dun novo proxecto único e global que integre as obras de reforma dos aseos da planta baixa e primeira planta da sede central do ORAL e que incorpore, ademais as obras necesarias para a ventilación destes espazos.

Resultando.- Que na súa consecuencia, mediante providencia do Deputado Delegado do ORAL de data 27/09/2023 que consta no expediente con CSV: 8ABWLBBMG3AR99P2, solicítase a tramitación dun novo expediente de contratación para a adxudicación do contrato de obras “Actividade e obras de oficinas da sede central do Oral en Pontevedra.

Resultando.- Que a tal fin, redáctase polo arquitecto José Abel Mato Meijome, adscrito á empresa Promove Arquitectura, o proxecto de “Actividade e obras de oficinas da sede central do Oral en Pontevedra” cun orzamento base de licitación de 277.353,63 € IVE incluído. Neste proxecto se integran o proxecto conxunto das obras de reforma da planta baixa e primeira planta así como as instalacións de ventilación na sede central do ORAL en Pontevedra.

Resultando.- Que pola Intervención emitíronse os seguintes documentos RC, acreditando a existencia de consignación orzamentaria para facer fronte a este gasto:

Nº OPERACION	APLICACION ORZAMENTARIA	IMPORTE
202300211488	23/932.9320.632.01	115.939,64 €
202300211490	23/932.9320.632.01.2022	30.000,00 €
202300211491	23/932.9320.632.01.2020	131.413,99 €

Resultando.- Que consta no expediente, informe de supervisión do proxecto, emitido pola xefa do Servizo de Arquitectura Dona María del Carmen Gómez Manzano, que consta no expediente con CSV: G8519BINJK5DPU9G.

Resultando.- Consta no expediente xustificante de presentación ante o Concello de Pontevedra de comunicación previa de obras e apertura para o proxecto de “*Actividade e obras de oficinas da sede central do Oral en Pontevedra*” na data 03/05/2023.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 27/10/2023 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “*Actividade e obras de oficinas da sede central do Oral en Pontevedra*” redactado polo arquitecto D. José Abel Mato Meijome, adscrito á empresa Promove Arquitectura de cun orzamento base de licitación de 277.353,63 €, IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código (CSV) U7RFRWLAB8KDQGZ0.



Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente o preceptivo informe xurídico con CSV: 0PCXCL7GN9CXUFBX, que recolle o seguinte: *“...Estímase os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente. Non obstante, e con respecto ao sinalado no apartado 10 do presente informe, debería conciliarse o sinalado no proxecto e o que consta tanto no informe de inicio do expediente como nos PCA en relación aos requisitos para acreditar a clasificación que se lle esixe ás empresas contratistas...”*

Resultando.- Que foi emitido informe pola xefa do Servizo de Arquitectura que consta no expediente con CSV: 44CTCACJNRXB9355, aclarando os requisitos para a clasificación que se lle esixe ós contratistas.

Resultando.- Que pola Intervención foi emitido informe de fiscalización do expediente con CSV: XTSTSQO2PQ8MHXV3, no que se recolle o seguinte: *“...Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...”*

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: *“A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”*

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que *“Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”*

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: *“Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato...”*



Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “*A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...*”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún avaliable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Arquivar todas as actuacións realizadas no expediente “*Reforma parcial no primeiro andar e planta baixa dos aseos da sede central do ORAL*” (Expte. 2021053380).
2. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Acondicionamento de oficinas da sede central do ORAL en Pontevedra*” cun orzamento base de licitación de 277.353,63 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	229.217,88 €
IVE (21%).....	48.135,75 €
Importe Total.....	277.353,63 €

3. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): F3WBX1POZVLZGFS3, e de prescricións técnicas con código (CSV) U7RFRWLAB8KDQGZ0, que rexerán neste procedemento.
4. Autorizar o gasto por importe de 277.353,63 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias 23/932.9320.632.01, 23/932.9320.632.01.2022 e 23/932.9320.632.01.2020, do vixente orzamento provincial.
5. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.



5.33237.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, DO “SERVIZO DE IMPRESIÓN, PREGADO E ENSOBRADO DE CARTAS ORDINARIAS E NOTIFICACIÓN XERADAS NA XESTIÓN E RECADACIÓN DE TRIBUTOS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA-ORAL, ASÍ COMO A SÚA ENTREGA AO OPERADOR POSTAL”. (Expte.2023059720)

A Deputación de Pontevedra, a través do ORAL, exerce competencias delegadas de xestión, recadación e inspección dun total de 54 concellos, así como as derivadas de 32 acordos coas entidades locais en materia de prestación de servizo de colaboración no procedemento sancionador en materia de tráfico. Para poder levar a cabo estas funcións é preciso remitir ás persoas contribuíntes cartas e notificacións que conteñen distintos tipos de documentos (resolucións, recibos, liquidacións etc.).

Dado que para a prestación deste servizo requírese dispoñer de maquinaria específica así como dos recursos humanos suficientes, non dispoñendo esta Deputación na actualidade dos medios materiais nin persoais para levar a cabo este servizo, faise imprescindible licitar a contratación deste servizo cunha empresa externa suficientemente especializada e cualificada, que posibilite prestar o servizo coa maior eficacia posible.

Con este motivo, a Directora de xestión de servizos do ORAL, coa conformidade do deputado delegado en data 20/10/2023, informa da necesidade de contratar un servizo de tratamento, impresión, pregado e ensobrado de cartas e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos pola Deputación de Pontevedra-ORAL, así como a súa posterior entrega o operador postal.

Xunto coa proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá nesta contratación.

Resultando que a Intervención emite documento de retención de crédito RCFUT 1 número de operación 202300216955 por importe de 59.956,42€, con cargo a aplicación orzamentaria 2024/932.9320.227.06. Os importes das anualidades 2024 e 2025 quedarán condicionadas a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo.

Na memoria xustificativa do contrato csv FP8K20QTPL6WQI8Q o xefe do servizo de contratación, establece que o réxime xurídico do contrato é o de administrativo de servizos, así como a elección do procedemento de adxudicación aberto atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade -prezo), e indica que, tal como prevé o artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico – administrativas.

Visto o informe emitido polo Sr. Secretario Xeral (csv 410CBPEUIMQUN62B), seguidamente trasládase o expediente de contratación a Intervención para que o fiscalice nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro.





Resultando que a Adxunta á Xefa do servizo de contabilidade, co Vº e Prace do Sr. Interventor emitiu informe favorable de fiscalización do expediente (csv 7LP6ADD3L0AMDXXSB), no que se recolle algunha observación:

*“(...)Ao quedar deserto o expediente 2023004124, e en tanto non se formalice e comece a execución deste novo contrato que se está a licitar, actualmente atópase en vigor un contrato menor coa empresa Consorcio de Manipulado y servicios postales, S.L. (expte núm 2023056140) que finaliza o 31 e marzo de 2024 ou cando se adxudique o presente.(...)”*

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade e que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Considerando que a Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta o Ilmo. Presidente para actuar coma órgano de contratación respecto a este contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do “Servizo de impresión, pregado e ensobrado de cartas ordinarias e notificacións xeradas na xestión e recadación de tributos pola Deputación de Pontevedra-ORAL”, de acordo co seguinte detalle:

- O orzamento base de licitación 21% de IVE incluído: 119.912,84 €
- O valor estimado do contrato (2 anos + 2 prórrogas + modificacións posibles 3.500,00€/ano): 212.203,04€



- Os prezos unitarios de licitación:

MODELOS	Prezo unitario máximo, sen IVE
Modelo A (ordinario 1 cara)	0,051 €
Modelo B (ordinario a 2 caras)	0,053 €
Modelo C (notificación a 1 cara)	0,051 €
Modelo D (notificación a 2 cara)	0,056 €
Follas adicionais (a partir da primeira folla)	0,012 €
Impresións adicionais (a partir da primeira folla)	0,010 €

O sistema de determinación do prezo: prezos unitarios.

O prazo de duración do contrato é de dous anos, a contar desde a data de formalización do contrato, con posibilidade de dúas prórrogas de 1 ano de duración cada unha.

2.- Autorizar a tramitación ordinaria anticipada do gasto por importe de 119.912,84 €, que se financiará de acordo co seguinte detalle:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024 (12 meses)	24/932.9320.227.06	59.956,42€
2025 (12 meses)	25/932.9320.227.06	59.956,42€
	Total	119.912,84€

Os importes correspondentes os exercicios 2024 e 2025 quedarán condicionados a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

3.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas csvTF1G8B5HLEHHT9GS e de prescricións técnicas csv 2DT2SVWPSOOWCTVN e Anexo (modelos e sobres) que rexeran en dito procedemento aberto.

4.- Designar como responsable do contrato a Xefatura do servizo de modernización e procedementos administrativos.

5.- Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato, concedendo un prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.



6.33238.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E CON EXCLUSIVIDADE, DO “SERVIZO DE COBERTURA PUBLICITARIA, CON RADIO PONTEVEDRA, S.A., DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2024”. (Expte.2023069185)

A Deputación de Pontevedra, a través do servizo de Comunicación Institucional, traballa para impulsar e fortalecer a imaxe da institución provincial, coordinando todas as accións comunicativas que contribúan a transmitir unha imaxe coherente, transparente, clara e unificada.

O servizo de Comunicación Institucional encárgase da difusión da actividade da institución provincial a través de múltiples soportes entre os que destacan os medios de comunicación. O obxectivo final é dar a coñecer á cidadanía as principais tarefas que a institución provincial leva a cabo co obxectivo de satisfacer as súas necesidades e achegar a administración ó administrado.

Por Resolución Presidencial de 4 de outubro de 2023 número 2023007465 foi aprobado o Plan de Comunicación e Publicidade 2024 da Deputación de Pontevedra, co obxectivo de planificar as accións a desenvolver tendo en conta os seguintes aspectos: Importancia da comunicación nas administracións públicas e desenvolvemento de tarefas dentro do servizo de comunicación institucional, análise dos medios de comunicación na provincia de Pontevedra e aspectos a ter en conta á hora de planificar as diferentes campañas. No apartado referido a medios de comunicación na provincia de Pontevedra cítanse entre outros Radio Pontevedra, S.A. como medio apropiado para dar difusión ás diferentes campañas que porá en marcha a institución provincial.

O Servizo de comunicación Institucional indica que non conta cos medios materiais, técnicos e humanos para poder realizar a correcta difusión da programación desenvolvida pola institución provincial para o ano 2024, polo tanto dáse a necesidade de acudir a compra de espazo publicitario nos medios de comunicación.

En base ao exposto, con data 15/11/2023, O Presidente, en virtude das competencias atribuídas no artigo 105 da Lei 5/1997 así como no artigo 34 da Lei 7/1985 e disposicións concordantes, emite Providencia de Inicio de expediente para proceder á contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizo publicitario con *Radio Pontevedra, S.A.* (A36005346) para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024. O contrato proposto ten un prazo de duración a contar dende o 1 de xaneiro de 2024, ou data posterior de formalización, e ata o 31 de decembro de 2024, sen considerarse prórrogas, e un orzamento base de licitación de 135.000,00 €. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 21/11/2023 solicita o preceptivo informe á Secretaría.



Visto que, con data 22/11/2023, Intervención emite documento de retención de crédito de exercicios futuros número 202300239315, polo importe de 135.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 924.9200.226.02 do vixente orzamento provincial, quedando condicionado este gasto á aprobación do orzamento correspondente ó exercicio 2024, e á existencia de crédito axeitado e suficiente na referida aplicación orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 28/11/2023, coas seguintes observacións contidas no mesmo:

*“...informándose favorablemente sempre e cando se teñan en conta as consideracións formuladas no presente informe e relativas ao cumprimento do Plan de Comunicación existindo un reparto equitativo entre os medios. Dado que se trata dun contrato privado tramitado mediante un procedemento negociado sen publicidade e por exclusividade, non procedería a subcontratación das prestacións obxecto do mesmo.”*

Visto que, con data 29/11/2023, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta que, con data 01/12/2023 o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos. O servizo de Comunicación Institucional informa que o procedemento a aplicar é o procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade, por ser *Radio Pontevedra, S.A.* (A36005346) a única empresa coa que se pode realizar a devandita contratación, por razóns de dereitos exclusivos (art. 168.2 LCSP), constando no expediente o correspondente certificado de exclusividade (CSV: RY2F2XYE077B60FT).

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 01/12/2023, coas seguintes observacións e recomendacións:

*“Sería aconsellable que se utilizase o procedemento aberto neste tipo de contratos de publicidade para garantir unha maior obxectividade e un mellor prezo. Non obstante, como non se requiren os servizos dunha axencia de publicidade ó contar a Deputación con medios propios, resulta difícil a utilización do citado procedemento. De optarse pola continuidade no emprego deste tipo de procedemento (negociado sen publicidade e exclusividade), sería convinte dispoñer dun plan de medios máis detallado que delimite medios e contías en base a parámetros obxectivos para garantir un reparto equitativo entre os distintos medios, tal como se sinala tamén no informe de Secretaría. Tamén cabe sinalar que, para o pago da correspondente factura que derive deste contrato, terase en conta que non se está incorrendo nos supostos do art. 4 da LPCI, no que prohibe expresamente, entre outros, as campañas institucionais de publicidade e de comunicación que teñan como finalidade destacar os logros de xestión ou os obxectivos alcanzados pola Administración, en caso contrario, suporía unha infracción legal.”*

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.



Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizo publicitario con *Radio Pontevedra, S.A.* (A36005346) para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024.

O prazo de duración será dende o 1 de xaneiro de 2024, ou data posterior de formalización, e ata o 31 de decembro do 2024, sen establecerse prórrogas.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 135.000,00€.

O valor estimado é de 111.570,25 €

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: UTRY07N942OQV2MK) e de prescricións técnicas (CSV: R8I8X48DIAIIXDW2) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 135.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 924.9200.226.02 (Publicidade e propaganda) do orzamento provincial correspondente ó exercicio 2024.

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para o ano 2024 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do orzamento provincial correspondente ó exercicio 2024.

4.- Nomear responsable do contrato á Xefatura do Servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra, ou persoa en quen delegue.



5.- Iniciar o procedemento para adxudicar o referido contrato, dando traslado deste acordo, xunto cunha copia dos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa Radio Pontevedra, S.A. (CIF: A36005346), invitándoa a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de dez días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL).

7.33239.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E CON EXCLUSIVIDADE, DO “SERVIZO DE COBERTURA PUBLICITARIA, CON FARO DE VIGO, S.A.U., DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2024”. (Expte.2023068843)

A Deputación de Pontevedra, a través do servizo de Comunicación Institucional, traballa para impulsar e fortalecer a imaxe da institución provincial, coordinando todas as accións comunicativas que contribúan a transmitir unha imaxe coherente, transparente, clara e unificada.

O servizo de Comunicación Institucional encárgase da difusión da actividade da institución provincial a través de múltiples soportes entre os que destacan os medios de comunicación. O obxectivo final é dar a coñecer á cidadanía as principais tarefas que a institución provincial leva a cabo co obxectivo de satisfacer as súas necesidades e chegar a administración ó administrado.

Por Resolución Presidencial de 4 de outubro de 2023 número 2023007465 foi aprobado o Plan de Comunicación 2024 da Deputación de Pontevedra. No apartado referido a medios de comunicación na provincia de Pontevedra cítanse entre outros o xornal Faro de Vigo como medio apropiado para dar difusión ás diferentes campañas que porá en marcha a institución provincial.

A programación de todas estas campás de información e publicidade depende directamente do servizo de Comunicación Institucional que non conta cos medios materiais, técnicos e humanos para poder realizar a correcta difusión da programación desenvolvida pola institución provincial na anualidade 2024, polo tanto dáse a necesidade de acudir a compra de espazo publicitario nos medios de comunicación.

A xefa do servizo de Comunicación Institucional, co visto e praxe do deputado delegado, propón, mediante informe de data 13/11/2023, a contratación da prestación de servizos publicitarios con *Faro de Vigo, S.A.U.* para a anualidade 2024, por exclusividade. Achégase por parte da empresa un certificado de dereitos de exclusividade.

O contrato proposto ten un orzamento de licitación de 282.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/924.9200.226.02 “*Publicidade e propaganda*” do orzamento provincial do 2024, condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.



Resultando que pola Intervención emitíuse documento RCFUT1 nº 202300239314 por importe de 282.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do orzamento provincial do ano 2024, e quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.

Tendo en conta que, con data 04/12/2023, o xefe do servizo de Contratación xustifica na memoria xustificativa que o réxime xurídico do contrato é o administrativo de servizos, así como a elección do procedemento de adjudicación negociado sen publicidade e exclusividade (art. 168 LCSP), e de acordo co disposto no artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico- administrativas.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 21/11/23, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

O secretario xeral, con data 24/11/23 informe favorablemente o expediente *“sempre e cando se teñan en conta as consideracións formuladas no presente informe e relativas ao cumprimento do Plan de Comunicación existindo un reparto equitativo entre os medios”*.

Visto que con data 28/11/2023, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 04/12/2023 coas seguintes observacións e recomendacións:

*“Sería aconsellable que se utilizase o procedemento aberto neste tipo de contratos de publicidade para garantir unha maior obxectividade e un mellor prezo. Non obstante, como non se requiren os servizos dunha axencia de publicidade ó contar a Deputación con medios propios, resulta difícil a utilización do citado procedemento. De optarse pola continuidade no emprego deste tipo de procedemento (negociado sen publicidade e exclusividade), sería convinte dispoñer dun plan de medios máis detallado que delimite medios e contías en base a parámetros obxectivos para garantir un reparto equitativo entre os distintos medios, tal como se sinala tamén no informe de Secretaría.*

*Tamén cabe sinalar que, para o pago da correspondente factura que derive deste contrato, terase en conta que non se está incorrendo nos supostos do art. 4 da LPCI, no que prohibe expresamente, entre outros, as campañas institucionais de publicidade e de comunicación que teñan como finalidade destacar os logros de xestión ou os obxectivos alcanzados pola Administración, en caso contrario, suporía unha infracción legal.”*

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.



Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade dos servizos publicitarios con *Faro de Vigo, S.A.U.* (CIF A36600815) para a anualidade 2024.

O prazo máximo de duración comprende desde a firma do contrato ata o 1 de decembro de 2024, salvo que a súa sinatura sexa posterior ao 1 de xaneiro caso no que se considerará como data de comezo o da súa sinatura.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 282.000,00 euros.

O valor estimado é de 233.057,85 €.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 0A9LD4N6UOHBV6GO) e de prescricións técnicas (CSV: 9JRLR3OYV6NT0Z70) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 282.000,00 € a financiar con cargo á aplicación orzamentaria 924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do orzamento provincial do ano 2024, quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.

4.- Nomear responsable do contrato á xefatura do servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra.





5.- Iniciar o procedemento para adxudicar o referido contrato, dando traslado deste acordo, xunto cunha copia dos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa Faro de Vigo, S.A.U. (CIF A36600815), invitándoa a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contados desde a data de envío da invitación a través da plataforma de licitación electrónica (VORTAL).

8.33240.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E CON EXCLUSIVIDADE, DO “SERVIZO DE COBERTURA PUBLICITARIA, CON LÉREZ EDICIONES, S.L., DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2024”. (Expte.2023069201).

A Deputación de Pontevedra, a través do servizo de Comunicación Institucional, traballa para impulsar e fortalecer a imaxe da institución provincial, coordinando todas as accións comunicativas que contribúan a transmitir unha imaxe coherente, transparente, clara e unificada.

O servizo de Comunicación Institucional encárgase da difusión da actividade da institución provincial a través de múltiples soportes entre os que destacan os medios de comunicación. O obxectivo final é dar a coñecer á cidadanía as principais tarefas que a institución provincial leva a cabo co obxectivo de satisfacer as súas necesidades e achegar a administración ó administrado.

Por Resolución Presidencial de 4 de outubro de 2023 número 2023007465 foi aprobado o Plan de Comunicación e Publicidade 2024 da Deputación de Pontevedra, co obxectivo de planificar as accións a desenvolver tendo en conta os seguintes aspectos: Importancia da comunicación nas administracións públicas e desenvolvemento de tarefas dentro do servizo de comunicación institucional, análise dos medios de comunicación na provincia de Pontevedra e aspectos a ter en conta á hora de planificar as diferentes campañas. No apartado referido a medios de comunicación na provincia de Pontevedra cítanse entre outros Lérez Ediciones, S.L.U. (B36003549) como medio apropiado para dar difusión ás diferentes campañas que porá en marcha a institución provincial.

O Servizo de comunicación Institucional indica que non conta cos medios materiais, técnicos e humanos para poder realizar a correcta difusión da programación desenvolvida pola institución provincial para o ano 2024, polo tanto dáse a necesidade de acudir a compra de espazo publicitario nos medios de comunicación.

En base ao exposto, con data 14/11/2023, O Presidente, en virtude das competencias atribuídas no artigo 105 da Lei 5/1997 así como no artigo 34 da Lei 7/1985 e disposicións concordantes, emite Providencia de Inicio de expediente para proceder á contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizo publicitario con *Lérez Ediciones, S.L.U.* (B36003549) para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024. O contrato proposto ten un prazo de duración a contar dende o 1 de xaneiro de 2024, ou data posterior de formalización, e ata o 31 de decembro de 2024, sen considerarse prórrogas, e un orzamento base de licitación de 170.000,00€. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.



Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 21/11/2023 solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Visto que con data 22/11/2023 a Intervención emite documento de retención de crédito de exercicios futuros número 202300299319 polo importe de 170.000,00 € euros, con cargo á aplicación orzamentaria 924.9200.226.02 do vixente orzamento provincial, quedando condicionado o gasto á aprobación do orzamento correspondente ó exercicio 2024 e á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 29/11/2023 tendo en conta as seguintes observacións:

*“[...]informándose favorablemente sempre e cando se teñan en conta as consideracións formuladas no presente informe e relativas ao cumprimento do Plan de Comunicación existindo un reparto equitativo entre os medios.*

*Dado que se trata dun contrato privado tramitado mediante un procedemento negociado sen publicidade e por exclusividade, non procedería a subcontratación das prestacións obxecto do mesmo.”*

Visto que con data 29/11/2023 o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 01/12/2023, coas seguintes observacións e recomendacións:

*“Sería aconsellable que se utilizase o procedemento aberto neste tipo de contratos de publicidade para garantir unha maior obxectividade e un mellor prezo. Non obstante, como non se requiren os servizos dunha axencia de publicidade ó contar a Deputación con medios propios, resulta difícil a utilización do citado procedemento. De optarse pola continuidade no emprego deste tipo de procedemento (negociado sen publicidade e exclusividade), sería convinte dispoñer dun plan de medios máis detallado que delimite medios e contías en base a parámetros obxectivos para garantir un reparto equitativo entre os distintos medios, tal como se sinala tamén no informe de Secretaría.*

*Tamén cabe sinalar que, para o pago da correspondente factura que derive deste contrato, terase en conta que non se está incorrendo nos supostos do art. 4 da LPCI, no que prohibe expresamente, entre outros, as campañas institucionais de publicidade e de comunicación que teñan como finalidade destacar os logros de xestión ou os obxectivos alcanzados pola Administración, en caso contrario, suporía unha infracción legal.”*

Tendo en conta que, con data 04/12/2023 o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos. O servizo de Comunicación Institucional informa que o procedemento a aplicar é o procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade, por ser LEREZ EDICIONES, S.L. (B36003549) a única empresa coa que se pode realizar a devandita contratación, por razóns de dereitos exclusivos (art. 168.2 LCSP), constando no expediente o correspondente certificado de exclusividade (CSV: K4WYO9WZSYY0CY41).



Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizo publicitario con *Lérez Ediciones, S.L.U.* (B36003549) para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024.

O prazo de duración será dende o 1 de xaneiro de 2024, ou data posterior de formalización, e ata o 31 de decembro do 2024, sen establecerse prórrogas.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 170.000,00€. O valor estimado é de 140.495,87 €

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 93CSIEC3EIWKIUKA) e de prescricións técnicas (CSV: KZ6KQO9HJWAFZ9EW) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 170.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/924.9200.226.02 (Publicidade e propaganda) do orzamento provincial correspondente ó exercicio 2024.



En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para o ano 2024 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

4.- Nomear responsable do contrato á Xefatura do Servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra, ou persoa en quen delegue.

5.- Iniciar o procedemento para adxudicar o referido contrato, dando traslado deste acordo, xunto cunha copia dos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa *Lérez Ediciones, S.L.U.* (CIF: B36003549), invitándoa a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de dez días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL).

9.33241.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E CON EXCLUSIVIDADE, DO “SERVIZO DE COBERTURA PUBLICITARIA, CON RADIO VIGO, S.A.U., DE TODAS AS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS POLA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A ANUALIDADE 2024”. (Expte. 2023069120)

A Deputación de Pontevedra, a través do servizo de Comunicación Institucional, traballa para impulsar e fortalecer a imaxe da institución provincial, coordinando todas as accións comunicativas que contribúan a transmitir unha imaxe coherente, transparente, clara e unificada.

O servizo de Comunicación Institucional encárgase da difusión da actividade da institución provincial a través de múltiples soportes entre os que destacan os medios de comunicación. O obxectivo final é dar a coñecer á cidadanía as principais tarefas que a institución provincial leva a cabo co obxectivo de satisfacer as súas necesidades e achegar a administración ó administrado.

Por Resolución Presidencial de 4 de outubro de 2023 número 2023007465 foi aprobado o Plan de Comunicación e Publicidade 2024 da Deputación de Pontevedra, co obxectivo de planificar as accións a desenvolver tendo en conta os seguintes aspectos: Importancia da comunicación nas administracións públicas e desenvolvemento de tarefas dentro do servizo de comunicación institucional, análise dos medios de comunicación na provincia de Pontevedra e aspectos a ter en conta á hora de planificar as diferentes campañas. No apartado referido a medios de comunicación na provincia de Pontevedra cítanse entre outros *Radio Vigo, S.A.U.* (A36612414) como medio apropiado para dar difusión ás diferentes campañas que porá en marcha a institución provincial.

O Servizo de comunicación Institucional indica que non conta cos medios materiais, técnicos e humanos para poder realizar a correcta difusión da programación desenvolvida pola institución provincial para o ano 2024, polo tanto dáse a necesidade de acudir a compra de espazo publicitario nos medios de comunicación.



En base ao exposto, con data 14/11/2023, O Presidente, en virtude das competencias atribuídas no artigo 105 da Lei 5/1997 así como no artigo 34 da Lei 7/1985 e disposicións concordantes, emite Providencia de Inicio de expediente para proceder á contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizo publicitario con *Radio Vigo, S.A.U.* (A36612414) para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024. O contrato proposto ten un prazo de duración a contar dende o 1 de xaneiro de 2024, ou data posterior de formalización, e ata o 31 de decembro de 2024, sen considerarse prórrogas, e un orzamento base de licitación de 125.000,00 €. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 21/11/2023 solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Visto que con data 22/11/2023 a Intervención emite documento de retención de crédito de exercicios futuros número 202300239321 polo importe de 125.000,00 € euros, con cargo á aplicación orzamentaria 924.9200.226.02 do vixente orzamento provincial, , quedando condicionado o gasto á aprobación do orzamento correspondente ó exercicio 2024 e á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 29/11/2023, tendo en conta as seguintes observacións:

*“[...]informándose favorablemente sempre e cando se teñan en conta as consideracións formuladas no presente informe e relativas ao cumprimento do Plan de Comunicación existindo un reparto equitativo entre os medios.  
Dado que se trata dun contrato privado tramitado mediante un procedemento negociado sen publicidade e por exclusividade, non procedería a subcontratación das prestacións obxecto do mesmo.”*

Visto que con data 29/11/2023 o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 01/12/2023, coas seguintes observacións e recomendacións:

*“Sería aconsellable que se utilizase o procedemento aberto neste tipo de contratos de publicidade para garantir unha maior obxectividade e un mellor prezo. Non obstante, como non se requiren os servizos dunha axencia de publicidade ó contar a Deputación con medios propios, resulta difícil a utilización do citado procedemento. De optarse pola continuidade no emprego deste tipo de procedemento (negociado sen publicidade e exclusividade), sería convinte dispoñer dun plan de medios máis detallado que delimite medios e contías en base a parámetros obxectivos para garantir un reparto equitativo entre os distintos medios, tal como se sinala tamén no informe de Secretaría.*

*Tamén cabe sinalar que, para o pago da correspondente factura que derive deste contrato, terase en conta que non se está incorrendo nos supostos do art. 4 da LPCI, no que prohibe expresamente, entre outros, as campañas institucionais de publicidade e de comunicación que teñan como finalidade destacar os logros de xestión ou os obxectivos alcanzados pola Administración, en caso contrario, suporía unha infracción legal.”*



Tendo en conta que, con data 04/12/2023 o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos. O servizo de Comunicación Institucional informa que o procedemento a aplicar é o procedemento negociado sen publicidade e con exclusividade, por ser RADIO VIGO, S.A.U. (A36612414) a única empresa coa que se pode realizar a devandita contratación, por razóns de dereitos exclusivos (art. 168.2 LCSP), constando no expediente o correspondente certificado de exclusividade (CSV: F1969W043VOLCHPN).

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizo publicitario con *Radio Vigo, S.A.U.* (A36612414) para a cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2024.

O prazo de duración será dende o 1 de xaneiro de 2024, ou data posterior de formalización, e ata o 31 de decembro do 2024, sen establecerse prórrogas.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 125.000,00€. O valor estimado é de 103.305,79 €



2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 9WXMONT0IKAQLJ6T) e de prescricións técnicas (CSV: F5KVYH6WYYLVU91X) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 125.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/924.9200.226.02 (Publicidade e propaganda) do orzamento provincial correspondente ó exercicio 2024. En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para o ano 2024 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

4.- Nomear responsable do contrato á Xefatura do Servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra, ou persoa en quen delegue.

5.- Iniciar o procedemento para adxudicar o referido contrato, dando traslado deste acordo, xunto cunha copia dos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa Radio Vigo, S.A.U. (CIF: A36612414), invitándoa a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de dez días naturais, contado desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica (VORTAL).

10.33242.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO CORRESPONDENTE Á “SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE OFICINA PARA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte.2022043519)

Na sesión ordinaria do día 23 de decembro de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de *Subministración de material de oficina para a Deputación de Pontevedra* á empresa *Redinor, S.L.* (NIF: B-36.127.405) polos prezos unitarios e valores ofertados no citado acordo.

Os contratos formalizáronse en documentos administrativos de data 31 de xaneiro de 2023 e o prazo de duración é de un ano a partir da data que conste no documento de formalización do contrato, con posibilidade de tres prórrogas anuais.

Con data 14 de novembro de 2023 o Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de un ano, con efectos de 01 de febreiro de 2024 ata o 31 de xaneiro de 2025.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatoria o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”.*



Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 10 de novembro de 2023, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que, con data 20 de novembro do 2023, a Intervención emitiu dous documentos de retención de crédito para exercicios futuros con números de operación 202300229627, polo importe de 30.224,19 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/922.9200.220.00, para o Lote 1 e 202300229630, polo importe de 21.812,36 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/922.9200.220.00, para o Lote 2, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2024.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 27 de novembro do 2023 que conclúe o seguinte:

*“En atención ao exposto e, destacadamente, dos informes dos responsables do contrato, infórmase favorablemente a proposta de primeira prórroga do contrato de “Subministración de material de oficina para la Deputación de Pontevedra” por unha anualidade, desde o 1 de febreiro do 2024 ao 31 de xaneiro do 2025.*

*O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 01 de xaneiro de 2024.”*

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a prórroga do contrato de “Subministración de material de oficina para a Deputación de Pontevedra” suscrito coa empresa *Redinor, S.L.* (NIF: B36127405), durante o período 1 de febreiro de 2024 ata o 31 de xaneiro de 2025 ambos inclusive, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á/s seguinte/s aplicación/s orzamentaria/s:

LOTE 1:

	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ORZAMENTO (IVE INCLUIDO)
2024 (FEBREIRO-DECEMBRO)	24/922.9200.220.00	30.224,19 €
2025 (XANEIRO)	25/922.9200.220.00	2.747,65 €





LOTE 2:

	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ORZAMENTO (IVE INCLUIDO)
2024 (FEBREIRO- DECEMBRO)	24/922.9200.220.00	21.812,36 €
2025 (XANEIRO)	25/922.9200.220.00	1.982,94 €

O importe de gasto quedará condicionado á aprobación do orzamento do exercicio 2024 e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

11.33243.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO DO “SERVIZO DE XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA PROVINCIA ACTIVA (ANTES DEPO EN MARCHA)”. (Expte.2021050862)

Na sesión ordinaria do día 01 de abril de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adjudicou o contrato de “*Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa DEPO EN MARCHA*” á empresa *Xestión Cultural Aurea S.L.* (CIF: B-36.394.203) conforme ao detalle reflexado no citado acordo, e polos seguintes prezos:

Prezo por obradoiro (sen IVE) .....927,63 €  
IVE (21%) .....194,80 €  
Prezo por obradoiro (IVE incluído) ..... 1.122,43 €

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 5 de maio de 2022, sendo o prazo de duración desde a data de formalización do contrato ata o 31 de decembro de 2022, con posibilidade de tres prórrogas dunha anualidade de duración cada unha, previa aprobación das bases reguladoras do programa para dito período.

Con data 19 de outubro de 2023 a xefa do servizo de Cohesión Social e Xuventude, coa conformidade da deputada delegada, emite informe co CSV 4Y6385CFEX6I1XCB, no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período dun ano, con efectos desde o 01 de xaneiro do 2024 ata o 31 de decembro do 2024.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 19 de outubro de 2023 (data de comparecencia: 20/10/2023), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.



Resultando que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 29 de setembro do 2023, a Intervención emitiu documento de retención de crédito futuro polo importe de 145.916,20 €, con cargo á aplicación orzamentaria 24/231.2311.227.07, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato.

Por acordo nº 2.33170 da Xunta de Goberno de data 17/11/2023, apróbanse as bases reguladoras do programa “*Provincia Activa*”, ata o de agora denominado “*Depo en marcha*”, para o ano 2024 (Expte.2023045215).

Mediante informe complementario da responsable do contrato, de data 20 de novembro de 2023, informase que “*o cambio na denominación do programa non altera nin modifica nin o contido nin ningún aspecto relacionado coas condicións de execución ou prezo, xa que se trata só do cambio no nome.*”

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 01 de decembro do 2023 (CSV: ZP4WXXKAX8E7BDA12), que conclúe o seguinte:

*“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de segunda prórroga do contrato de servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa Provincia Activa (antes Depo en marcha) por un ano, desde o 01 de xaneiro do 2024 ata o 31 de decembro do 2024.*

*O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 01 de xaneiro do 2024.”*

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a).

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar a segunda prórroga do contrato do “*Servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa Provincia Activa (antes Depo en marcha)*” formalizados coa empresa *Xestión Cultural Aurea SL* (CIF: B-36394203), durante o período desde o 01 de xaneiro do 2024 ata o 31 de decembro do 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2024	24/231.2311.227.07	145.916,20 €

O importe do gasto correspondente a anualidade 2024 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

12.33244.- APROBACIÓN DA 1ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DA CAÑIZA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “RECUPERACIÓN DO ENTORNO DA ANTIGA PONTE DAS ACHAS NO CONCELLO DA CAÑIZA”.  
(Expte.2022008817)

#### Antecedentes

O 20 de xuño marzo de 2022 a Deputación de Pontevedra e o *Concello da Cañiza* formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “*Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza*”.

A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2023 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.

Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

#### Consideracións legais e técnicas.

##### 1ª Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).



Esta Addenda ten por obxecto estender ata o 31 de decembro de 2024 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o *Concello da Cañiza* para a execución do proxecto de obras de “*Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza*”.

Tendo en conta todo o que antecede, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a *PRIMEIRA ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DA CAÑIZA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA DE RECUPERACIÓN DO ENTORNO DA ANTIGA PONTE DAS ACHAS*”.

#### INTERVENEN

*Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Dontra parte, Luis Antonio Gómez Piña, alcalde do Concello da Cañiza, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.*

*As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin*

#### EXPOÑEN

*I.- O 20 de xuño de 2022 a Deputación de Pontevedra e o Concello da Cañiza formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “*Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza*”.*

*II.- A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2023 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.*

*III.- Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.*

*Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e*

#### PACTAN

*PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2024 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello da Cañiza para a execución do proxecto de obras de “*Recuperación do entorno da antiga Ponte das Achas no Concello da Cañiza*”.*

*A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.*



SEGUNDO.- *En todo o demais, o convenio asinado o 20 de xuño de 2022 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.”*

*E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data da súa sinatura dixital.*  
O presidente da Deputación Provincial, *Luis López Diéguez*  
O alcalde do Concello da Cañiza, *Luis Antonio Gómez Piña*

O secretario xeral da Deputación  
*Carlos Cuadrado Romay*

Segundo.- Facultar ao presidente para formalizar a addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.

Terceiro.- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello da Cañiza*, á Intervención, a Infraestruturas e Vías Provinciais e a Contratación.

13.33245.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL ENTRE OS PP.QQ. 0+000 E 2+500 DA EP 0002 MARCO-TOMEZA-FIGUEIRIDO”. (Expte.2022060068)

Antecedentes:

1. A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

2. A Deputación de Pontevedra é titular da *E.P. 0002 Marco – Tomeza – Figueirido*, que transcorre polo Concello de Pontevedra. Trátase dunha estrada de dobre sentido de circulación e de sección variable.

O proxecto desenvólvese na súa integridade no *Concello de Pontevedra*, sendo o obxecto principal do proxecto a *“Mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns, mediante a construción dun itinerario (senda) peonil na EP-0002 (Marco-Tomeza -Figueirido), entre os PP.QQ. 0+000 e 2+500”.*

O itinerario consta de 2500 m de lonxitude, ao longo do cal se contemplan obras de pavimentación da estrada, construción dunha senda peonil de formigón coloreado de 2,50 m de largo mínimo na marxe dereita da estrada, implantación de zonas de convivencia onde non sexa posible acadar ese largo mínimo, a mellora do sistema de drenaxe de augas pluviais e a reposición de aqueles servizos afectados pola execución das obras. Todo elo ten por obxecto acondicionar e mellorar as características da estrada en beneficio da seguridade viaria e da mobilidade peonil.



O resumo do orzamento das obras proxectadas é o seguinte:

Execución material	1.197.660,10 €
Presuposto base de licitación	1.425.215,52 €
Presuposto base de licitación con IVE	1.724.510,78 €

3. Constan no expediente os seguintes informes técnicos:

- xustificación das porcentaxes de financiamento e sobre o grado de prioridade das obras (15-09-2023).
- supervisión favorable do proxecto ( 15-09-2023)

Por acordo da Xunta de Goberno municipal, adoptado en sesión de 4 de xullo de 2023, o Concello aprobou o convenio –Código seguro de verificación 8EWVJJS5R0EH6QP6- obxecto deste informe-proposta. Así mesmo o Concello adquiriu o compromiso de financiación da achega municipal con cargo aos programas provinciais de cooperación destinados a investimentos de concellos (subvención outorgada por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de data 2 de xuño de 2023).

Consideracións:

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación interadministrativa como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinálase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

*“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.*



De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscripción de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

### 3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

### 4ª Financiamento.

A distribución do financiamento das obras conforme á cláusula terceira é a seguinte:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	1.379.608,62 €	80
Concello de Pontevedra	344.902,16 €	20
TOTAL	1.724.510,78 €	100

As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Pontevedra:

Organismo	Achega	%
Concello de Pontevedra	19.835,96 €	100
TOTAL EXPROPIACIÓNS	19.835,96 €	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 23/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2023.



A achega do Concello de Pontevedra será de 364.738,12 € (344.902,16 € en concepto do 20% do importe das obras a realizar e 19.835,96 € en concepto de expropiacións), realizarase con cargo á subvención directa concedida pola Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra o día 2 de xuño de 2023, debendo xerarse crédito na aplicación orzamentaria que corresponda.

Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Procedemento e órgano competente para a aprobación:

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impongan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Con respecto da transferencias de vías, o artigo 33 2 ñ) da LRBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

- Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio da Secretaría Xeral da Deputación con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación do convenio é a Xunta de Goberno e de competencia do Pleno a aprobación do cambio de titularidade dos treitos das estradas E.P. 0012 Xoán XXIII – Figueirido e E.P. 0014 Tombo – Salgueiral, previstos na cláusula 5.4)





En aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18/03/2019 o convenio formalizado deberá ser posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia, con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Polo que respecta ao procedemento aténdese á Instrución para a tramitación de convenios aprobada por Resolución Presidencial 20223001273 de 14 de febreiro de 2023 e de acordo coa mesma informase favorablemente a aprobación do convenio toda vez que:

1. A Deputación é competente para subscribir o convenio dado que se trata dunha actuación nun vial provincial e tamén se repoñen servizos municipais no ámbito da actuación.
2. O contido do convenio é acorde co disposto no artigo 49 da L LRJSP.
3. O financiamento determinouse logo de informe dos Servizos Técnicos en aplicación do Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais aprobado polo Pleno da Deputación.

Logo do informe da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra co seguinte contido:

*“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL ENTRE OS PP.QQ. 0+000 E 2+500 DA E.P. 0002 MARCO-TOMEZA-FIGUEIRIDO (PONTEVEDRA)”.*

#### INTERVEÑEN

*Luis López Diéguez, na súa condición de presidenta da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.*

*Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde do Concello de Pontevedra, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.*

*Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.*

*Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.*

#### MANIFESTAN

*I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*



II.- *Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.*

III.- *Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.*

IV.- *Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.*

V.- *A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 0002 Marco – Tomeza – Figueirido, que transcorre polo Concello de Pontevedra.*

VI.- *A E.P. 0002 é de dobre sentido de circulación e de sección variable. Ao longo da estrada atopamos unha estrada con sección de plataforma moi irregular, con beirarías de escasa entidade e sen beirarrúas/sendas, o que da lugar a situacións de risco e inseguridade para os usuarios, nun treito de importante afluencia de tránsito peonil polo que discorren os Camiños de Santiago Portugués e da Costa.*

*O nivel de tráfico é importante, cunha IMD das máis elevadas da rede viaria provincial, cun tráfico pesado pouco inferior a cen vehículos pesados ao día.*

*Debido ó mencionado anteriormente, a Deputación de Pontevedra decide contratar a redacción do proxecto de "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL ENTRE OS PP.QQ. 0+000 E 2+500 DA E.P. 0002 MARCO-TOMEZA-FIGUEIRIDO (PONTEVEDRA)" coa finalidade de dar resposta ás necesidades en materia de mobilidade.*

*O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Pontevedra, sendo o obxecto principal do proxecto a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns, mediante a construción dun itinerario (senda) peonil na estrada provincial EP-0002 (Marco-TomezaFigueirido), entre os PP.QQ. 0+000 e 2+500.*



O itinerario consta de 2500 m de lonxitude, ao longo do cal se contemplan obras de pavimentación da estrada, construción dunha senda peonil de formigón coloreado de 2,50 m de largo mínimo na marxe dereita da estrada, implantación de zonas de convivencia onde non sexa posible acadar ese largo mínimo, a mellora do sistema de drenaxe de augas pluviais e a reposición de aqueles servizos afectados pola execución das obras. Todo elo ten por obxecto acondicionar e mellorar as características da estrada en beneficio da seguridade viaria e da mobilidade peonil.

VII.- Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscripción do presente convenio, consonte ás seguintes:

### CLÁUSULAS

#### Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Pontevedra para a execución do proxecto de “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL ENTRE OS PP.QQ. 0+000 E 2+500 DA E.P. 0002 MARCO-TOMEZA-FIGUEIRIDO (PONTEVEDRA)”.

O proxecto establece a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns mediante a construción dun itinerario (senda) peonil na estrada provincial EP-0002 entre os PP.QQ. 0+000 e 2+500. O itinerario consta de 2500 m de lonxitude, ao longo do cal se contemplan obras de pavimentación da estrada, construción dunha senda peonil de formigón coloreado de 2,50 m de largo mínimo na marxe dereita da estrada, a mellora do sistema de drenaxe de augas pluviais e a reposición de aqueles servizos afectados pola execución das obras.

Ademais, levarase a cabo unha serie de actuacións que teñen por obxecto acondicionar e mellorar as características da estrada en beneficio da seguridade e comodidade dos usuarios.

#### Segunda.- Importe do convenio.

O importe o que se refire a presente actuación ascende a un millón catrocentos vinte e cinco mil douscentos quince euros con cincuenta e dous céntimos (1.425.215,52 €), máis douscentos noventa e nove mil douscentos noventa e cinco euros con vinte e seis céntimos (299.295,26 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de un millón setecentos vinte e catro mil cincocentos dez euros con setenta e oito céntimos (1.724.510,78 €).

#### Terceira.- Financiamento.

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e polo Concello de Pontevedra mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	1.379.608,62 €	80
Concello de Pontevedra	344.902,16 €	20
TOTAL OBRAS	1.724.510,78 €	100



As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Pontevedra:

Organismo	Achega	%
Concello de Pontevedra	19.835,96 €	100
TOTAL EXPROPLACIÓNS	19.835,96 €	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 23/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2023.

A achega do Concello de Pontevedra será de 364.738,12 € (344.902,16 € en concepto do 20% do importe das obras a realizar e 19.835,96 € en concepto de expropiacións), , realizarase con cargo á subvención directa concedida pola Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra o día 2 de xuño de 2023, debendo xerarse crédito na aplicación orzamentaria que corresponda.

Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

*Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.*

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras e se produza un incremento do custo por excesos de medición, revisión de prezos ou modificación do proxecto por causas imprevistas, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución do custo, sempre que a achega do Concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante. Os incrementos na cantidade establecida para expropiacións serán financiados segundo o estipulado.

Para estes efectos, dentro do prazo de tres meses contados dende a data de liquidación do contrato de obras, formularase pola Deputación a liquidación das obrigas económicas estipuladas neste convenio para pagamento, de selo o caso, logo da aprobación das partes asinantes.

*Quinta.- Obrigas do Concello.*

O Concello de Pontevedra obrígase a:

- 1) A colaborar coa Deputación na obtención das autorizacións e informes sectoriais preceptivos doutros organismo e que fosen precisos.



- 2) *Levar a cabo a conservación e mantemento das zonas peonís obxecto de convenio, así coma dos servizos de carácter municipal que se executen (alumeado público, xardinería e mobiliario urbano, etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras e*
- 3) *Antes da sinatura do presente convenio, o Concello deberá acbergar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do Réxime Local, á que fan referencia o apartado 2 e 4 desta cláusula.*
- 4) *Solicitar a transferencia dos viais que a continuación se relacionan, de conformidade co establecido na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e Real Decreto 66/2016, tendo carácter o presente convenio de documento de solicitude formal de iniciación do procedemento:*
  - *Treito da estrada provincial E.P. 0012 Xoán XXIII - Figueirido, comprendido entre os puntos quilométricos 0+000 e 0+500*
  - *Treito antigo da estrada provincial E.P. 0014 Tombo – Salgueiral, de 71 m de lonxitude, situado no punto quilométrico 0+300, marxe esquerda*
  - *Treito antigo da estrada provincial E.P. 0014 Tombo – Salgueiral, de 66 m de lonxitude, situado no punto quilométrico 1+300, marxe dereita*
  - *Treito antigo da estrada provincial E.P. 0014 Tombo – Salgueiral, de 81 m de lonxitude, situado no punto quilométrico 1+400, marxe esquerda*
- 5) *Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*
- 6) *Abonar o importe das expropiacións derivadas do presente convenio, incluídos os posibles incrementos de custo que se produzan nas mesmas durante a tramitación do expediente expropiatorio.*

*Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.*

- 1) *Correspóndelle a redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “Mellora da mobilidade peonil entre os PP. QQ. 0+000 e 2+500 da E.P. 0002 Marco-Tomez-a-Figueirido (Pontevedra)”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.*
- 2) *A tramitación e xestión do expediente de expropiación para obter os terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto.*
- 3) *Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 2) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.*
- 4) *Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento.*

*Sétima.- Compensación de débedas*

*O Concello de Pontevedra faculta expresamente á Deputación para reter e compensar con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.*



*Oitava.- Comisión de seguimento e control.*

*Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio , así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte a presidenta, o alcalde ou persoas nas quen deleguen, o secretario xeral da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue e un representante técnico de cada Administración.*

*As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:*

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.*
- Proponer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, proponer ás partes a resolución das mesmas.*

*Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.*

*Novena.- Vixencia do convenio*

*O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2025. Non obstante, os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía.*

*Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.*

*A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes.*

*Décima.- Resolución.*

*Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio de conformidade co disposto na normativa vixente.*

*Undécima.- Normativa aplicable.*

*O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:*

- Lei bases de réxime local, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local*
- Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.*
- Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*
- Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2023.*
- E demais normativa de obrigado cumprimento*

*Asemade, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula novena, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.*

*E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio, por duplicado e a un só efecto, no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.*

*Pola Deputación Provincial de Pontevedra,  
Luis López Diéguez,*

*Polo Concello de Pontevedra,  
Miguel Anxo Fernández Lores,  
O secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra,  
Carlos Cuadrado Romay”*



Segundo.- Facultar ao presidente para formalizar o convenio, mediante a súa sinatura.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao Concello de Pontevedra e comunicarllo á Intervención Xeral, aos Servizos de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Cuarto.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019. Para o efecto, o Centro Xestor remitiralle unha copia do convenio formalizado á Unidade Responsable da Transparencia.

14.33246.- APROBACIÓN DA 2ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE O ROSAL PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 3303 TABAGÓN-GOLÁN DENDE O PQ 1+795 ATA O PQ 3+600. TREITO II”. (Expte.2022001426)

#### Antecedentes

O 12 de xullo de 2022 a Deputación de Pontevedra e o *Concello de O Rosal* formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “*Mellora da mobilidade peonil na EP 3303 Tabagón-Goián dende o PQ 1+795 ata o PQ 3+600. Treito II*”.

A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2023 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.

Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

#### Consideracións legais e técnicas.

##### 1ª Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP).



- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).

Esta Addenda ten por obxecto estender ata o 31 de decembro de 2024 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o *Concello de O Rosal* para a execución do proxecto de obras de “*Mellora da mobilidade peonil na EP 3303 Tabagón-Goián dende o PQ 1+795 ata o PQ 3+600. Treito II*”.

Tendo en conta todo o que antecede, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención Xeral, Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a “*SEGUNDA ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE O ROSAL PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 3303 TABAGÓN-GOLÁN DENDE O PQ 1+795 ATA O PQ 3+600. TREITO II*”.

#### INTERVENEN

*Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Doutra parte, Ánxela Fernández Callís, alcaldesa do Concello de O Rosal, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.*

*As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin*

#### EXPOÑEN

*I.- O 12 de xullo de 2022 a Deputación de Pontevedra e o Concello de O Rosal formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil na EP 3303 Tabagón-Goián dende o PQ 1+795 ata o PQ 3+600. Treito II (Concello de O Rosal)”, con vixencia ata o 31 de decembro de 2023. O 03 de agosto de 2023 formalizouse a primeira addenda ao no que se modificaba o financiamento previsto no Convenio como consecuencia da concesión dunha axuda por parte do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE).*

*II.- A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2023 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.*





III.- *Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.*

*Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e*

#### PACTAN

PRIMEIRO.- *Estender ata o 31 de decembro de 2024 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de O Rosal para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP 3303 Tabagón-Goián dende o PQ 1+795 ata o PQ 3+600. Treito II (Concello de O Rosal)”.*

*A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.*

SEGUNDO.- *En todo o demais, o convenio asinado o 12 de xullo de 2022, modificado pola addenda asinada o día 3 de agosto de 2023, mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.”*

*E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data da súa sinatura dixital.*

*O presidente da Deputación Provincial,  
Luis López Diéguez*

*A alcaldesa do Concello de O Rosal,  
Ánxela Fernández Callís*

*O secretario xeral da Deputación  
Carlos Cuadrado Romay”*

Segundo.- *Facultar ao presidente para formalizar a addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.*

Terceiro.- *Darlle traslado do presente acordo ao Concello de O Rosal, á Intervención, a Infraestruturas e Vías Provinciais e a Contratación.*

15.33247.- APROBACIÓN DA 3ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE TOMIÑO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO CAMIÑO ESCOLAR NA EP 3102 AO CEP PEDRO CASELLES, DENDE O PQ 0+000 ATA O PQ 0+400”. (Expte.2021004544)

Antecedentes:

O 27 de xullo de 2021 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Tomiño formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na EP 3102 ao CEP Pedro Caselles, dende o PQ 0+000 ata o PQ 0+400”.



A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2023 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.

Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Consideracións legais e técnicas.

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL) .
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).

Esta Addenda ten por obxecto estender ata o 31 de decembro de 2024 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Tomiño para a execución do proxecto de obras de “*Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na EP 3102 ao CEP Pedro Caselles, dende o PQ 0+000 ata o PQ 0+400*”.

Tendo en conta todo o que antecede, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a “*TERCEIRA ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE TOMIÑO PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NO CAMIÑO ESCOLAR NA EP 3102 AO CEP PEDRO CASELLES DENDE O PQ 0+000 ATA O PQ 0+400*”.

#### INTERVENEN

*Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Doutra parte, Sandra González Álvarez, alcaldesa do Concello de Tomiño, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*



*Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.*

*As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin*

### EXPOÑEN

I.- O 27 de xullo de 2021 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Tomiño formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na EP 3102 ao CEP Pedro Caselles, dende o PQ 0+000 ata o PQ 0+400 (Concello de Tomiño)”, con vixencia ata o 31 de decembro de 2022. O 05 de decembro de 2022 formalizouse a primeira addenda ao convenio estendéndose a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2023 e o 20 de abril de 2023 formalizouse a segunda addenda ao convenio no que se modificaba o financiamento previsto no Convenio como consecuencia da concesión dunha axuda por parte do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE).

II.- A cláusula novena do referido convenio, modificada pola primeira addenda, establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2023 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.

III.- Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e

### PACTAN

PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2024 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Tomiño para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil no camiño escolar na EP 3102 ao CEP Pedro Caselles, dende o PQ 0+000 ata o PQ 0+400 (Concello de Tomiño)”.

*A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.*

SÉGUNDO.- En todo o demais, o convenio asinado o 27 de xullo de 2021, modificado polas addendas asinadas os días 5 de decembro de 2022 e 20 de abril de 2023 respectivamente, mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.”

*E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data da súa sinatura dixital.*

*O presidente da Deputación Provincial,*

*Luis López Diéguez*

*A alcaldesa do Concello de Tomiño,*

*Sandra González Álvarez*

*O secretario xeral da Deputación*

*Carlos Cuadrado Romay”*

Segundo.- Facultar ao presidente para formalizar a addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.

Terceiro.- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Tomiño, á Intervención, a Infraestruturas e Vías Provinciais e a Contratación.



16.33248.- APROBACIÓN DA 1ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VILABOA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP 0104 RAMAL IGREXA DE FIGUEIRIDO”. (Expte.2021048806)

#### Antecedentes

O 14 de marzo de 2022 a Deputación de Pontevedra e o *Concello de Vilaboa* formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “*Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na EP 0104 ramal Igrexa de Figueirido*”.

A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2023 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.

Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

#### Consideracións legais e técnicas.

##### 1ª Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).

Esta Addenda ten por obxecto estender ata o 31 de decembro de 2024 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o *Concello de Vilaboa* para a execución do proxecto de obras de “*Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na EP 0104 ramal Igrexa de Figueirido*”.



Tendo en conta todo o que antecede, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a “PRIMEIRA ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VILABOA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DA SEGURANZA VIARIA E MOBILIDADE PEONIL NA EP 0104 RAMAL IGREXA DE FIGUEIRIDO”.

#### INTERVENEN

*Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Doutra parte, César Poza González, alcalde do Concello de Vilaboa, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.*

*As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin*

#### EXPOÑEN

I.- O 14 de marzo de 2022 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilaboa formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na EP 0104 ramal Igrexa de Figueirido (Concello de Vilaboa)”.

II.- A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2023 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.

III.- Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e

#### PACTAN

PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2024 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vilaboa para a execución do proxecto de obras de “Mellora da seguranza viaria e mobilidade peonil na EP 0104 ramal Igrexa de Figueirido (Concello de Vilaboa)”.

*A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.*



SEGUNDO.- *En todo o demais, o convenio asinado o 14 de marzo de 2022 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.”*

*E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data da súa sinatura dixital.*

*O presidente da Deputación Provincial,  
Luis López Diéguez*

*O alcalde do Concello de Vilaboa,  
César Poza González*

*O secretario xeral da Deputación  
Carlos Cuadrado Romay”*

Segundo.- Facultar ao presidente para formalizar a addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.

Terceiro.- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Vilaboa, á Intervención, a Infraestruturas e Vías Provinciais e a Contratación.

**17.33249.-** APROBACIÓN DA 1ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DA VIGO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 2001 O CALVARIO-A GARRIDA, NA CONTORNA DA CASA DA ELM DE BEMBRIVE, PQ 3+430”. (Expte.2022022211)

Antecedentes

O 21 de outubro de 2022 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP 2001 O Calvario-A Garrida, na contorna da casa da ELM de Bembrive, PQ 3+430”.

A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2023 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.

Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Consideracións legais e técnicas.

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL) .
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).



- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).

Esta Addenda ten por obxecto estender ata o 31 de decembro de 2024 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a execución do proxecto de obras de “*Mellora da mobilidade peonil na EP 2001 O Calvario-A Garrida, na contorna da casa da ELM de Bembrive, PQ 3+430*”.

Tendo en conta todo o que antecede, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención Xeral, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a “*PRIMEIRA ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VIGO PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 2001 O CALVARIO-A GARRIDA, NA CONTORNA DA CASA DA ELM DE BEMBRIVE, PQ 3+430*”.

#### INTERVEÑEN

*Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Doutra parte, Abel Caballero Álvarez, alcalde do Concello de Vigo, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.*

*Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra e Susana Gallardo Fariña, secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo.*

*As partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, representación e a capacidade legal necesaria para subscribir a presente addenda ao Convenio de Colaboración e, con tal fin,*

#### EXPOÑEN

*I.- O 21 de outubro de 2022 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “*Mellora da mobilidade peonil na EP 2001 O Calvario-A Garrida, na contorna da casa da ELM de Bembrive, PQ 3+430*”.*

*II.- A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2023 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.*

*III.- Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.*



Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e

PACTAN

PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2024 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP 2001 O Calvario-A Garrida, na contorna da casa da ELM de Bembrive, PQ 3+430 (Concello de Vigo)”.

A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

SEGUNDO.- En todo o demais, o convenio asinado o 21 de outubro de 2022 mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.”

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data da súa sinatura dixital.

O presidente da Deputación Provincial,

Luis López Diéguez

A alcalde do Concello de Vigo,

Abel Caballero Álvarez

O secretario xeral da Deputación

Carlos Cuadrado Romay

A secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo

Susana Gallardo Fariña”

Segundo.- Facultar ao presidente para formalizar a addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.

Terceiro.- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Vigo, á Intervención, a Infraestruturas e Vías Provinciais e a Contratación.

**18.33250.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS ( Expte. 2023072941)**

Vista a relación de facturas con número 2023072941, que contén 33 facturas e por un importe de 73.008,66€ e con CSV: 8TLOI6H9L23QC8WM, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 01/12/2023, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extrajudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	72.078,41€
Descostos do IRPF.....	0,00 €
Descostos do IVE soportado deducible.....	930,25€
Descostos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descostos.....	0,00 €
Total líquido.....	73.008,66€





19.33251.- APROBACIÓN DAS CERTIFICACIÓNS NÚMEROS 10 E 11 DA OBRA “REFORZO DO FIRME NA EP 7007 COUSO-SAN MIGUEL DE BARCALA DENDE O PQ 5+683 AO PQ 8+071 (CONCELLO DA ESTRADA”, POLO PROCEDEMENTO DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (Expte. 2022029859)

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 7 de outubro de 2022, adjudicou a obra “*Reforzo do firme na EP 7007 Couso-San Miguel de Barcala, dende o PQ 5+683 ao PQ 8+071 (Concello da Estrada)*” á empresa “EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, SL” (NIF B36239861) por importe total de 764.368,53 € (IVE engadido) e cun prazo de execución de SETE (7) MESES.

En data 10/05/2023 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación, un escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de TRES (3) MESES, debido a que as condicións climatolóxicas dos meses de decembro, xaneiro e marzo, con intensas choivas, retardaron os traballos de escavación desmonte e caxeio, xuntando ao efecto datos meteorolóxicos emitidos por Meteogalicia, no período alegado.

Consta no expediente informe do director de obra (CSV: 7R8OCKVZC4IV8A03), no que recolle que a Dirección Facultativa considera que as causas alegadas de demora non son imputables ao contratista. Non obstante, dada a cantidade e a natureza dos traballos que restan por executar e atendendo ás condicións meteorolóxicas invernaís experimentadas durante o transcurso da obra (44 días con precipitacións dun total de 83 días laborais entre o 2 de decembro de 2022 e o 31 de marzo de 2023, apórtanse partes meteorolóxicos da estación de Xesteiras, no Concello de Cuntis), considérase que o tempo perdido é de dous meses polo que a prórroga que procede conceder para a ampliación do prazo de execución da obra é de DOUS (2)MESES, ata o 2 de setembro de 2023.

A Xunta de Goberno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do 16 de xuño de 2023, aprobou unha ampliación do prazo de execución d DOUS (2) MESES, no contrato de obras “*Reforzo do firme na EP 7007 Couso-San Miguel de Barcala, dende o PQ 5+683 ao PQ 8+071 (Concello da Estrada)*”, establecendo como data para finalizar a obra o día 2 de setembro de 2023, a partires da cal, de non estar terminada, se lle aplicarán ao contratista automaticamente as penalidades previstas.

Remitida a Intervención a solicitude de fiscalización da certificación núm. 10, esta devólvea en data 16/10/2023 con base a que “*A obra atópase fóra de prazo. Falta informe do director da obra xustificando a demora e, no caso de que esta sexa por causa imputable ó contratista a imposición de penalidades*”.

En data 27/11/2023 o director facultativo das obras informa que:

“*O aglomerado da estrada iniciouse o 12/09/2023 e rematouse o 21/09/2023, traballos realizados fóra de prazo sen xustificación respecto ó cumprimento do prazo total do contrato dende o 03/09/2023 ata o 21/09/2023.*”



Non obstante o anterior, o contratista tivo un problema de falta de subministro de materiais para a barreira metálica de seguridade (bionda). As causas de demora no subministro e polo tanto na posterior colocación de barreira non son imputables ao contratista, xa que ademais do incremento da medición respecto ao proxecto existen demoras xeneralizadas no subministro de aceiro a nivel estatal. A barreira empezouse a colocar o día 05/10/2023, rematando a súa instalación a finais do mes de outubro. Polo tanto o retraso na terminación das obras acontecido dende o 22/09/2023 ata a finalización das mesmas non é imputable ó contratista”.

Atendendo ao informe do director da obra, solicítase de novo a fiscalización da certificación núm. 10 e tamén da núm. 11.

Vistos os informes emitidos por Intervención, de data 29 de novembro de 2023, de fiscalización previa á aprobación das certificacións núm. 10 e núm. 11 da obra “Reforzo do firme na EP 7007 Couso-San Miguel de Barcala, dende o PQ 5+683 ao PQ 8+071 (Concello da Estrada)”, estes contemplan a seguinte observación: “Apréciase un pequeno erro de dous céntimos na obra executada anteriormente e polo tanto no total da certificación, sendo os importes correctos 720.930,06€ e 43.438,47€ respectivamente”, e ambos conclúen en que “Vistos os defectos sinalados, e dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron, procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de recoñecemento extraxudicial de crédito”.

Considerando que por Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Ilma. Presidenta para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en cota o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2023, concretamente na base 17.1, a Xunta de Goberno, acorda por unanimidade autorizar o compromiso de gasto e o recoñecemento extraxudicial das seguintes obrigas:

\_Certificación nº 10 da obra “Reforzo do firme na EP 7007 Couso-San Miguel de Barcala, dende o PQ 5+683 ao PQ 8+071 (Concello da Estrada)”, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA	Aplicación orzamentaria	Importe
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES M. PÉREZ PORTELA S.L. (B-36239861)	23/456.4530.612.01.2022	
SUBTOTAL		318.770,02€
Taxa Técnicos Directores (4% PEM Adx)	Id.	8.855,34€
Control de calidade (3% P.E.M. lic)	Id.	7.203,37€
Total descontos	Id.	16.058,71€
<b>TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR</b>		<b>302.711,31€</b>



\_Certificación nº 11 da obra “Reforzo do firme na EP 7007 Conso-San Miguel de Barcala, dende o PQ 5+683 ao PQ 8+071 (Concello da Estrada”, debendo librarse o seu importe con cargo á aplicación que se cita e co seguinte detalle:

EMPRESA	Aplicación orzamentaria	Importe
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES M. PÉREZ PORTELA S.L.		
(B-36239861)	23/456.4530.612.01.2022	
SUBTOTAL		43.438,47€
Taxa Técnicos Directores (4% PEM Adx)	Id.	1.206,71€
Control de calidade (3% P.E.M. lic)	Id.	981,60€
Total descontos	Id.	2.188,31€
TOTAL LIQUIDO A PERCIBIR		41.250,16€

20.33252.- SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DA OBRA CORRESPONDENTE AO CONTRATO DERIVADO LOTE 4. ZONA D3 DO ACORDO MARCO OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2023. (Expte.2023035751)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 26/05/2023 acordou adxudicar contrato derivado Lote 4 - Zona D3 do “Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2023”, á empresa CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A. (A36008886) por importe de 878.597,56 € IVE incluído cun prazo de execución de SEIS (6) MESES.

Resultando.- Que con data 30/06/2023 formalizouse entre a directora de obra e o contratista, acta de comprobación de replanteo, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 30/12/2023.

Resultando.- Que con data 07/11/2023 formalizouse entre a directora da obra e o contratista, acta de paralización total das obras, quedando nese CINCUANTA E TRES (53) DIAS para a finalización do prazo de execución. Recolle a acta o seguinte: “...as obras consisten principalmente no fresado e reposición de firmes de aglomerado e a posterior sinalización horizontal. Ao tratarse de obras de asfaltados, as adversas condicións meteorolóxicas impiden a execución dos traballos con garantías de alcanzar os obxectivos de calidade. A sucesión de fronteiras moi activas e as numerosas alertas por vento e chuvia que se están producindo, e tendo en conta ademais, as previsións de non melloría a curto e medio prazo, provocan que non se dean as condicións aceptadas para a execución das obras

Resultando.- Que recolle a acta de paralización que que a porcentaxe de obra executada é do 42,86 %, sendo o importe das unidades pendentes de executar de 502.070,92 €. Coa acta xúntase relación valorada das unidades de obra executadas.

Resultando.- Que con data 28/11/2023 emitiu o xefe de Servizo de Contratación, recollendo o seguinte: “...Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada pola directora de obra, dedúcese que non se pode estimar un prazo para reiniciar a execución da obra, debido a que as condicións climatolóxicas adversas son incompatibles co tipo de traballos que se inclúen no proxecto desta obra. En base ó recollido pola directora de obra na acta de paralización, cumprirá



*autorizar a suspensión da execución deste contrato, en tanto non se dean as condicións climática axeitadas. Solventadas as incidencias, deberase formalizar un acta de reinicio das obras, quedando nese intre CINCUENTA E TRES (53) DIAS para a finalización do prazo de execución...”*

Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que *“...dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”*

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: *“...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, estenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”*

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: *“1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”*

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Suspender a execución do *“Contrato derivado LOTE 4. ZONA D3 do Acordo marco obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2023”* con efectos dende o 07/11/2023.

Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión da execución desta obra, formalizarase entre o contratista e o director de obra acta de reinicio, quedando nese intre CINCUENTA E TRES (53) DIAS, para finalizar a obra.

21.33253.- SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DA OBRA CORRESPONDENTE AO CONTRATO DERIVADO LOTE 5. ZONA E3 DO ACORDO MARCO OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2023. (Expte.2023031540)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 26/05/2023 acordou adxudicar o contrato derivado do *“Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2023. Lote 5- Zona E3”*, á empresa CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B36258861), por importe de 723.061,09 € IVE incluído, cun prazo de execución de SEIS (6) MESES.



Resultando.- Que con data 30/06/2023 formalizouse entre a directora de obra e o contratista, acta de comprobación de replanteo, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 30/12/2023.

Resultando.- Que con data 02/11/2023 formalizouse entre a directora da obra e o contratista, acta de paralización total das obras, quedando nese intre CINCUENTA E OITO (58) DIAS para a finalización do prazo de execución. Recolle a acta o seguinte: *“...Con motivo da climatoloxía adversa actual, non compatible co tipo de traballos que están pendentes de realizar (estendido de formigón bituminoso e sinalización horizontal), é necesario proceder á suspensión das obras...”*

Resultando.- Que recolle a acta de paralización que a porcentaxe de obra executada é do 35,93 % quedando unidades de obra pendentes de executar por un importe de 463.262,79 €. Xúntase á acta de paralización relación valorada das unidades de obra executadas.

Resultando.- Que con data 30/11/2023 emitiu o xefe de Servizo de Contratación, recollendo o seguinte: *“...Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada pola directora de obra, dedúcese que non se pode estimar un prazo para reiniciar a execución da obra, debido a que as condicións climatolóxicas adversas son incompatibles co tipo de traballos que se inclúen no proxecto desta obra. En base ó recollido pola directora de obra na acta de paralización, cumpriría autorizar a suspensión da execución deste contrato, en tanto non se solucionen estas circunstancias. Solventadas as incidencias, deberase formalizar un acta de reinicio das obras, quedando nese intre CINCUENTA E OITO (58) DIAS para a finalización do prazo de execución..”*

Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que *“...dentro dos límites e con suxección ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”*

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: *“...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, estenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”*

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: *“1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”*



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Suspender a execución do contrato de obras “*Contrato derivado LOTE 5. ZONA E3 do Acordo marco obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2023*”, con efectos dende o 02/11/2023.

Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión da execución desta obra, formalizarase entre o contratista e o director de obra acta de reinicio, quedando nese intre CINCUENTA E OITO (58) DIAS, para finalizar a obra.

22.33254.- SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DA OBRA CORRESPONDENTE AO CONTRATO DERIVADO LOTE 2. ZONA B3 DO ACORDO MARCO OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2023. (Expte.2023031539)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 26/05/2023 acordou o contrato derivado Lote 2 - Zona B3 do “*Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2023*”, á empresa UTEGRUSAMAR INGENIERIA Y CONSULTING, S.L.U. – CANARGA, S.L. (U05492525) por importe de 867.894,24 €, IVE incluído cun prazo de execución de SEIS (6) MESES.

Resultando.- Que con data 29/06/2023 formalizouse entre a directora de obra e o contratista, acta de comprobación de replanteo, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 29/12/2023

Resultando.- Que con data 27/11/2023 formalizouse entre a directora da obra e o contratista, acta de paralización total das obras, quedando nese intre TRINTA E TRES (33) DIAS para a finalización do prazo de execución. Recolle a acta o seguinte: “*...Por mor da climatoloxía propia desta época do ano, non é posible realizar as unidades de obra do contrato nestas datas, por iso acórdase a suspensión da obra ata superarse a citada causa...*”

Resultando.- Que recolle a acta de paralización que a porcentaxe de obra executada é do 3,93 % quedando unidades de obra pendentes de executar por un importe de 864.486,15 €. Xúntase á acta de paralización relación valorada das unidades de obra executadas.

Resultando.- Que con data 30/11/2023 emitiu o xefe de Servizo de Contratación, recollendo o seguinte: “*...Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada pola directora de obra, dedúcese que non se pode estimar un prazo para reiniciar a execución da obra debido á interferencia coas mesmas de servizos municipais afectados, que non foron solventados ata o momento. En base ó recollido pola directora de obra na acta de paralización, cumpriría autorizar a suspensión da execución deste contrato, en tanto non se solucionen estas circunstancias. Solventadas as incidencias, deberase formalizar un acta de reinicio das obras, quedando nese intre TRINTA E TRES (33) DIAS para a finalización do prazo de execución..*”



Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que *“...dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”*

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: *“...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, estenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”*

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: *“1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”*

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade

- Suspender a execución do contrato de obras *“Contrato derivado LOTE 2. ZONA B3 do Acordo marco obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2023”*, con efectos dende o 27/11/2023.

Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión da execución desta obra, formalizarase entre o contratista e o director de obra acta de reinicio, quedando nese intre TRINTA E TRES (33) DIAS, para finalizar a obra.

**23.33255.- SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DA OBRA CORRESPONDENTE AO CONTRATO DERIVADO LOTE 6. ZONA F3 DO ACORDO MARCO OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2023. (Exppte.2023031541)**

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 26/05/2023 acordou adxudicar o contrato derivado do *“Acordo marco para a contratación das obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2023. Lote 6- Zona F3”*, á empresa CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A.(A36008886), por importe de 688.565,73 € IVE incluído. O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.



Resultando.- Que con data 30/06/2023 formalizouse entre a directora de obra e o contratista, acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 30/12/2023

Resultando.- Que con data 07/11/2023 formalizouse entre a directora da obra e o contratista, acta de paralización total das obras, quedando nese intre CINCUENTA E TRES (53) DIAS para a finalización do prazo de execución. Recolle a acta o seguinte: *“...As obras consisten principalmente no fresado e reposición de firmes de aglomerado e a posterior sinalización horizontal. Ao tratarse de obras de asfaltado, as adversas condicións meteorolóxicas impiden a execución dos traballos con garantías de alcanzar os obxectivos de calidade. A sucesión de fronteiras moi activas e as numerosas alertas por vento e chuvia que se están producindo, e tendo en conta ademais, as previsións de non melloría a curto e medio prazo, provocan que non se dean as condicións adecuadas para a execución da obra.*”

Resultando.- Que recolle a acta de paralización que unha porcentaxe de obra executada do 38,21%, quedando un importe pendente de executar de 425.496,03 €. Coa acta xúntase relación valorada das unidades de obra executadas.

Resultando.- Que con data 14/11/2023 emitiu o xefe de Servizo de Contratación, recollendo o seguinte: *“...Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada pola directora de obra, dedúcese que non se pode estimar un prazo para reiniciar a execución da obra, debido a que as condicións climatolóxicas adversas son incompatibles co tipo de traballos que se inclúen no proxecto desta obra. En base ó recollido pola directora de obra na acta de paralización, cumpriría autorizar a suspensión da execución deste contrato, en tanto non se dean as condicións climática axeitadas. Solventadas as incidencias, deberase formalizar un acta de reinicio das obras, quedando nese intre CINCUENTA E TRES (53) DIAS para a finalización do prazo de execución...”*

Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que *“...dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”*

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: *“...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, estenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”*

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: *“1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”*





A Xunta de Goberno acorda por unanimidade

- Suspender a execución do “*Contrato derivado LOTE 6. ZONA F3 do Acordo marco obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2023*” con efectos dende o 07/11/2023.

Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión da execución desta obra, formalizarase entre o contratista e o director de obra acta de reinicio, quedando nese intre CINCUENTA E TRES (53) DIAS, para finalizar a obra.

**24.33256.-** SUSPENSION DA EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 9801 PONTE-A LAXES, P.Q. 0+000 AO P.Q. 1+251 (CONCELLO DA ILLA DE AROUSA)”. (Expte. 2023000985)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 19/05/2023 acordou adjudicar á empresa *Construcións Obras e Viais, S.A.* o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9801 Ponte-A Laxes, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+251 (Concello de Illa de Arousa)*”, por un importe de 265.142,59 € IVE incluído e un prazo de execución de TRES (3) MESES.

Resultando.-Que con data 26/06/2023 formalizouse entre a directora de obra e o contratista, acta de comprobación de replanteo, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 26/09/2023.

Resultando.- Que Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 28/07/2023 acordou suspender a execución do contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 9801 Ponte-A Laxes, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+251 (Concello da Illa de Arousa)*”.

Resultando.- Que con data 19/10/2023 formalizouse entre a Directora de obra e o contratista acta de reinicio das obras, establecéndose nese intre coma data para finalizar as obras o día 29/12/2023.

Resultando.- Que con data 07/11/2023 a directora de obra e o contratista volveron formalizar acta de paralización da obra, quedando nese intre CINCUENTA E DOUS (52) DIAS para finalizar a obra. Recolle a acta que a obra pendente, consiste basicamente no fresado e nova formación da capa de rodaxe así como a correspondente sinalización vertical e horizontal. Ao tratarse de obras de asfaltados, as adversas condicións meteorolóxicas impiden a execución dos traballos con garantías de alcanzar os obxectivos de calidade. A sucesión de frontes moi activas e as numerosas alertas por vento e chuvia que se están producindo, e tendo en conta ademais, as previsión de non melloría a curto e medio prazo , provocan que non se dean as condición axeitadas para a execución das obras.

Resultando.- Que tamén recolle a acta de paralización que a porcentaxe de obra executada e do 7,73% estando pendente de executar unidades de obra por importe de 244.640,23 €. Coa acta xúntase anexo coa relación valorada de unidades de obra executadas.



Resultando.- Que con data 29/11/2023 emitiu informe o xefe de Servizo de Contratación, recollendo o seguinte: “...Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada pola directora de obra, dedúcese que non se pode estimar un prazo para reiniciar a execución da obra, debido a que as condicións climatolóxicas adversas son incompatibles co tipo de traballos que se inclúen no proxecto desta obra. En base ó recollido pola directora de obra na acta de paralización, cumpriría autorizar a suspensión da execución deste contrato, en tanto non se dean as condicións climática axeitadas. Solventadas as incidencias, deberase formalizar un acta de reinicio das obras, quedando nese intre CINCUENTA E DOUS (52) DIAS para a finalización do prazo de execución...”

Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que “...dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: “...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, estenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: “1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Suspender totalmente a execución do contrato de obras “Mellora da seguridade viaria na E.P. 9801 Ponte-A Laxes, P.Q. 0+000 ao P.Q. 1+251 (Concello da Illa de Arousa)” con efectos dende o 07/11/2023.

Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión da execución desta obra, formalizarase entre o contratista e o director de obra acta de reinicio, quedando nese intre CINCUENTA E DOUS (52) DIAS para finalizar a obra.



**25.33257.- SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-7201 CACHAFEIRO-SILLEDA, DENDE O P.Q. 21+070 AO P.Q. 22+444 (CONCELLO DE SILLEDA)”. (Expte. 2023034993)**

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 06/10/2023 acordou adxudicar á empresa CONSTRUCIÓNS OBRAS E VIAIS, S.A., (C.I.F.-A-36008886), o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da mobilidade peonil na EP-7201 Cachafeiro-Silleda, dende o P.Q. 21+070 ao P.Q. 22+444 (Concello de Silleda)*”, por un importe de 715.437,46 € IVE incluído e un prazo de execución de OITO (8) MESES.

Resultando.- Que con data 10/11/2023 formalizouse entre a directora de obra e o contratista, acta de comprobación de replanteo, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 10/07/2024.

Resultando.- Que con data 10/11/2023 formalizouse entre o director de obra e o contratista, acta de paralización das obras, non iniciándose a súa execución. Recolle a acta o seguinte: “...*debido as fortes choivas dos últimos meses, a zona de actuación atópase anegada de auga, sendo imposible comezar a obra coa colocación das redes soterradas ata que o terreo drene a auga acumula...*” Recolle a acta de paralización que non se iniciou a execución da obra, estando pendente todas as unidades por executar.

Resultando.- Que con data 01/12/2023 emitiu o xefe de Servizo de Contratación, recollendo o seguinte: “...*Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada polo director de obra, dedúcese que non se pode estimar un prazo para iniciar a execución da obra, debido a que a zona de actuación se atopa anegada de auga sendo imposible comezar ata que o terreo drene toda esa auga acumulada e así poder comezar coas escavacións. En base ó recollido pola directora de obra na acta de paralización, cumpriría autorizar a suspensión da execución deste contrato, en tanto non se dean as condicións climatolóxicas axeitadas. Solventadas as incidencias, deberase formalizar un acta de reinicio das obras, iniciándose nese intre o prazo de execución da obra.*”

Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que “...*dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...*”

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: “...*se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, estenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...*”

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: “1. *A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...).*  
2. *No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á*



*mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”*

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Suspender a execución do contrato de obras “*Mellora da mobilidade peonil na EP-7201 Cachafeiro-Silleda, dende o P.Q. 21+070 ao P.Q. 22+444 (Concello de Silleda)*” con efectos dende o 10/11/2023.

Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión da execución desta obra, formalizarase entre o contratista e o director de obra acta de reinicio, quedando nese intre OITO (8) MESES, para finalizar a obra.

**26.33258.- SUSPENSIÓN EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 2403 MOSENDE-MORGADÁNS, P.Q. 6+000 AO P.Q. 11+500 (CONCELLO DE GONDOMAR)”. (Expte. 2022072779)**

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 09/06/2023 acordou adxudicar á empresa *Construcciones Fechi, S.L.U.*, (CIF B36258861) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns, P.Q. 6+000 ao P.Q. 11+500 (Concello de Gondomar)*” por un importe de 572.390,25 € IVE, e un prazo de execución de CATRO (4) MESES.

Resultando.- Que con data 16/08/2023 formalizouse entre a directora de obra e o contratista, acta de comprobación de replanteo, establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 16/12/2023.

Resultando.- Que con data 17/11/2023 formalizouse entre a directora da obra e o contratista, acta de paralización total das obras, quedando nese intre VINTENOVE (29) DÍAS para a finalización do prazo de execución. Recolle a acta o seguinte: “*...Con motivo da climatoloxía adversa actual, non compatible co tipo de traballos que están pendentes de realizar (estendido de formigón bituminoso e sinalización horizontal), é necesario proceder á suspensión das obras...*”

Resultando.- Que recolle a acta de paralización que se executaron o 25,75 % das unidades de obra, estando pendentes de executar unidades de obra por importe de 425.019,36 €. Coa acta xúntase relación valorada das unidades de obra executadas.

Resultando.- Que con data 01/12/2023 emitiu o xefe de Servizo de Contratación, recollendo o seguinte: “*...Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada pola directora de obra, dedúcese que non se pode estimar un prazo para reiniciar a execución da obra, debido a que as condicións climatolóxicas adversas son incompatibles co tipo de traballos que se inclúen no proxecto desta obra. En base ó recollido pola directora de obra na acta de paralización, cumpriría autorizar a suspensión da execución deste contrato, en tanto non se dean as condicións climática axeitadas. Solventadas as incidencias, deberase formalizar un acta de reinicio das obras, quedando nese intre VINTENOVE (29) DIAS para a finalización do prazo de execución...*”



Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que *“...dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”*

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: *“...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, estenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”*

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: *“1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”*

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Suspender a execución do contrato de obras *“Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadáns, P.Q. 6+000 ao P.Q. 11+500 (Concello de Gondomar)”* con efectos dende o 17/11/2023.

Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión da execución desta obra, formalizarase entre o contratista e o director de obra acta de reinicio, quedando nese intre VINTENOVE (29) DIAS, para finalizar a obra.

**27.33259.-** DECLARAR DESERTO O LOTE 1 DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA “SUBMINISTRACIÓN DE ILLAS ECOLÓXICAS E DISPOSITIVOS PARA O RECICLAXE DE RESIDUOS ESPECIAIS DO PROXECTO “DA TÚA MAN” (RURAL) PRESENTADO Á CONVOCATORIA DE AXUDAS 2022 PARA O APOIO DA ACTIVIDADE COMERCIAL EN ZONAS RURAIS COFINANCIADO POLO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU”. (Expte.2023060336)

Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra na sesión ordinaria do día 27 de outubro de 2023 acordou a aprobación do expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da *“Subministración de illas ecolóxicas e dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man” (rural) presentado á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”.*



Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na reunión do día 23 de novembro de 2023, procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento. Unha vez descargada a documentación a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- RAQUEL GARCÍA IGLESIAS (DNI: \*\*\*7690\*\*) Lote 2
- ALQUI-ENVAS, S.L. (NIF: B25335332) Lote 1

A Mesa de Contratación, na mesma sesión, procedeu á apertura da documentación con criterios avaliábeis mediante xuízos de valor, dándolle traslado da mesma ó persoal técnico do Servizo de Promoción de Emprego, para que procederan a avaliar e ponderar as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

O Xefe do servizo de Promoción de emprego, D. Manuel Corujo Castro, con data 28/11/2023, emitiu informe de valoración da documentación técnica presentada polos licitadores (CSV: ARGMJYC68C6XFLBM).

Tras a análise da oferta técnica presentada pola empresa ALQUI-ENVAS, S.L., para o Lote 1, e unha vez valorada a mesma, o xefe do servizo de Promoción de emprego observa que a empresa incumpre algunhas especificacións técnicas descritas no PPT, en concreto o seguinte:

*“2. A oferta non proporciona, en ningún momento, a descrición do contedor relativo á recollida de papel/cartón e de envases de vidro, ambos de carga vertical ou superior pero con requirimentos das bocas de aporte totalmente diferentes.*

*3. Advertir que a fracción de “envases” está conformada polos residuos de envases de plásticos, de metais, bandexas de aluminio, aerosois, etc., así pois o contedor de envase ofertado (carga superior) incumpre as especificacións técnicas do PPT (artigo 3.4.) que avisa que os contedores da fracción “envases” deberán estar adaptados para os camiións recolectores de carga traseira (igual que os de resto e biorresiduos).*

*4. O contedor de carga traseira ofertado, incumpre o artigo 3.4 (especificacións técnicas dos contedores) respecto a que: “os contedores deberán ser estanco, sen orificios ou tapóns no fondo do contedor para seu baleirado”.*

*5. Non inclúe certificados de cumprimento da norma UNE 13071 esixidos no punto 6 das especificacións técnicas dos contedores, para os contedores de recollida de papel/cartón e envases de vidro.*

*6. O grosor do contedor de carga traseira é de 4 mm, incumprindo as especificacións técnicas que indican que o corpo do contedor deberá contar un grosor mínimo de 6 mm e a tapa de 4mm.*

*7. Obsérvase unha incongruencia na oferta da empresa, xa que, aínda que se mencionan dúas tipoloxías de contedores (carga vertical e carga traseira), non se especifica claramente cal corresponde a cada fracción de residuos. En concreto, indícase que o contedor de carga vertical é para “envases”; sen embargo, posteriormente, fai mención dunha boca de aporte para vidro no mesmo contexto o que resulta confuso e contradictorio, creando ambigüidade sobre a asignación específica dos contedores para cada tipo de residuo.*



Polo que informa que *“Tendo en conta que os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares revisten carácter contractual, o incumprimento dunha das características esenciais establecidas nos mesmos, que obrigatoriamente debía cumprirse, imposibilitan que valoremos os criterios que dependen dun xuízo de valor da oferta presentada pola empresa ALQUIENVAS, S.L.”*

Polo exposto, a Mesa de Contratación propón ó órgano de contratación a exclusión da oferta presentada para o Lote 1 pola empresa ALQUI-ENVAS, S.L. (NIF: B25335332) por non axustarse ós pregos que rexen esta licitación.

Visto que a empresa ALQUI-ENVAS, S.L. (NIF: B25335332) é a única que se presenta oferta ó lote 1 da contratación para a *“Subministración de illas ecolóxicas e dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man” (rural) presentado á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”*; o xefe do servizo de Promoción de emprego, en data 30/11/2023, solicita que se declare deserto o Lote 1 deste contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministración cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aceptar a proposta da mesa de contratación de data 30/11/2023, de excluír do procedemento ó único licitador que presenta oferta ó Lote 1 ALQUI-ENVAS, S.L. (NIF: B25335332), en base ó informe de valoración técnica emitido polo servizo de Promoción de emprego de data 30/11/2023 (CSV: ARGMJYC68C6XFLBM)
2. Declarar deserto o Lote 1 do procedemento aberto convocado para a contratación da *“Subministración de illas ecolóxicas e dispositivos para o reciclaxe de residuos especiais do proxecto “Da túa man” (rural) presentado á convocatoria de axudas 2022 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais cofinanciado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU” (Expte. 2023060336)*, por non presentarse ningunha empresa licitadora interesada na adxudicación deste contrato.




28.33260.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR LESIÓN E DANOS EN VEHÍCULO NA E.P. 9504 LEIRO-BESOMAÑO-RIBADUMIA (CONCELLO DE RIBADUMIA). (Expte.2023041012)

Dada conta que con data de rexistro 01/06/2023 (rex. núm. WEB2023035464) tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial formulada por D<sup>a</sup>. Carla Schick Vieites e D. Miguel Gerardo Schick Padín, con domicilio a efectos de notificacións na Praza Veiga da Eira nº 4 – 3º E de Pontevedra, por lesións e danos en vehículo producidos en accidente de circulación a consecuencia da irrupción dun teixugo na estrada provincial E.P. 9504 Leiro-Besomaño-Ribadumia, no Concello de Ribadumia, o día 23/11/2020, e que cuantificou economicamente en 2.695,62 euros.

Resultando.- Que, con anterioridade, na data 20/07/2021, os reclamantes, D<sup>a</sup>. Carla Schick Vieites e D.Miguel Gerardo Schick Padín, presentaron a citada reclamación perante a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, que resolveu a súa inadmisión na data 16/05/2023, por non ser de titularidade autonómica a vía na que aconteceron os feitos.

Resultando.- Que con data 28/06/2023, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación que o emitiu na data 21/07/2023, co seguinte contido literal:

*PRIMEIRO.- A estrada provincial E.P. 9504 LEIRO-BESOMAÑO-RIBADUMIA forma parte do inventario da rede provincial.*





*A reclamación sitúase no punto quilométrico 1+800 m.d. da estrada provincial.*



SEGUNDO.- Ao longo dos anos 2019 e 2020 só aparecen 2 incidencias na EP-9504 por motivos alleos ao sinalado na reclamación presentada (achégase o filtro de incidencias rexistradas).

[Listados de Partes / Partes](#)

### Partes de incidencias para vías e obras

<b>Nº de Parte</b>	<b>Registro</b>	02/01/2019	12:05	alberto	RIBADUMIA	<b>Centro</b>	
2019	4	<b>Comunicado</b>	02/01/2019	12:05	alberto	Leiro - Besomaño - Ribadumia	
		<b>Finalizado</b>	02/01/2019	13:30	alberto	Victor	
		<b>Comunica</b>	OTROS				CAPATAZ FARINA.
		<b>Notas</b>	TAMEN REALIZARON TRABALLOS NAS EP:9501,9403,9405.				
<b>Finalizado</b>		<b>Incidencia</b>	XEO EN ESTRADAS.				

[Listados de Partes / Partes](#)

### Partes de incidencias para vías e obras

<b>Nº de Parte</b>	<b>Registro</b>	30/04/2020	12:30	01129	RIBADUMIA	<b>Centro</b>	
2020	155	<b>Comunicado</b>	30/04/2020	12:34	01129	Leiro - Besomaño - Ribadumia	
		<b>Finalizado</b>	30/04/2020	13:45	01129	Taboada e Ramos	
		<b>Comunica</b>	OTROS				CONCELLO DE RIBADUMIA - 986718491
		<b>Notas</b>					
<b>Finalizado</b>		<b>Incidencia</b>	MANCHA DE GASOIL JUNTO A LA ROTONDA DE LEIRO				

Non se tivo coñecemento de ningunha incidencia rexistrada nesa estrada provincial o día do accidente sinalado.



TERCEIRO.- *A sinalización existente no sentido da marcha do vehículo é a seguinte:*

- *PK-0+050 M.D.: Sinal de Prohibición para velocidade máxima 50 km/h ( R-301 ).*
- *PK-0+860 M.D.: Sinal de Prohibición para velocidade máxima 50 km/h ( R-301 ).*



CUARTO.- O lugar onde se produciu a irrupción é unha zona de núcleo rural non boscosa, con viñedos e vivendas illadas.

Hai boa visibilidade e trátase dun tramo recto con rasante uniforme.



*Belén Pampín Camino*  
*Enxeñeiro*

---

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.



Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndese o seguinte:

- O accidente tivo lugar ás 22:40 h, sen luz natural e con iluminación artificial da vía.
- Recóllese no informe estatístico do Destacamento de Pontevedra, aportado xunto coa instancia, que o accidente se produce nunha recta (trazado planimétrico) ó sobrepasar un cambio brusco de rasante (trazado altimétrico).
- Consta no citado atestado que a vía é de titularidade provincial.
- Segundo o informe do Servizo de Infraestruturas, a sinalización existente no lugar e no sentido da marcha do vehículo é a de prohibición de velocidade máxima 50 km/h (R-301).
- No citado informe consta que é unha zona de núcleo rural non boscosa, con viñedos e vivendas illadas, tal e como se aprecia nas fotografías que o ilustran.
- Non houbo mais accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que a simple lectura do artigo 149.5 do R.d. 1428/03, de 21 de novembro, que aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, revela ben ás claras que é necesario acreditar a FRECUENCIA na irrupción de fauna salvaxe, máis cando non se produciron máis accidentes pola mesma causa, véxase:

*“...Los tipos de señales de advertencia de peligro, con su nomenclatura y significado respectivos, son los siguientes:  
(...) P-24. Paso de animales en libertad. Peligro por la proximidad de un lugar donde FRECUENTEMENTE la vía puede ser atravesada por animales en libertad...”*

Considerando.- Que a sentenza 228/08, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº. 2 de Pontevedra, nos autos do Procedemento Abreviado 204/08, baseándose neste precepto, eximiu á Deputación da obriga de instalación do sinal P-24 (paso de animais en liberdade) por non terse acreditado a FRECUENCIA e a HABITUALIDADE no paso, deixando dito que:

*“... No hay dato alguno en el expediente administrativo ni informe al respecto que indique que el tramo en el que ocurrió el accidente constituye un lugar de paso habitual, y no esporádico, de animales salvajes que hiciera necesaria la señalización adecuada al respecto, en concreto con la señal P-24. Es más, tampoco hay constancia de que en dicho tramo de la carretera y en un lapso de tiempo próximo al accidente registrado, se hubiesen originado otros por similares causas.”*

Na mesma liña argumental se pronuncian as seguintes sentenzas dos Xulgados do Contencioso-Administrativo de Pontevedra en supostos con identidade de razón á que nos ocupa, irrupción de fauna na calzada: do Contencioso-Administrativo nº 1, as sentenzas números 171/2005, 115/09, 119/2010, 179/11, 268/11 e 259/12; do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2, a xa citada sentenza 228/08 e mais as sentenzas números 1/2012, 243/2014 e 15/2021; e do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, as sentenzas números 75/05, 27/2010, 43/2011 e 202/2020.



Considerando.- Que a maior abundamento, das sentenzas dos Xulgados do Contencioso-Administrativo de Pontevedra que se invocaron, cabe resaltar os seguintes parágrafos:

- Sentenza 119/10, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Pontevedra:  
“...Tampoco ha quedado acreditado de la prueba practicada que el lugar en que se produjo el accidente sea un lugar de paso frecuente de animales de caza, que hiciera necesario advertir a los usuarios de la vía por medio de la señalización pertinente al respecto (P-24), no constando según la información obrante en el expediente, la existencia de ningún otro siniestro de similares características en dicho tramo de la vía.”
- Sentenza 179/11 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:  
“... No ha incurrido, por tanto, la Diputación de Pontevedra, en omisión del deber de señalización, por lo que se carece de título de imputación que permita la atribución de responsabilidad por el daño causado”.
- Sentenza 268/2011 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra: “...No existen pruebas suficientes para entender que en la referida carretera provincial se da la frecuencia en el paso de animales en libertad que obligaría a la Administración a colocar en ella la señal fija de advertencia de peligro. No ha incurrido, por tanto, la Diputación Provincial de Pontevedra, en omisión del deber de señalización.”
- Sentenza 259/12 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:  
“... Ha de decaer necesariamente la pretensión indemnizatoria ejercitada, con la consiguiente confirmación de la resolución que aquí se impugna, previa desestimación del recurso, por no apreciarse obligación en la Administración demandada de disponer de señalización de advertencia de animals salvajes o de adopción de otras medidas de prevención en el tramo de carretera en que se produjo el siniestro...”
- Sentenza 243/2014 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:  
“Ante la prueba practicada, ha de concluirse que no puede considerarse debidamente acreditada la responsabilidad de la Administración demandada, por cuanto, aunque se reconozca la irrupción de un caballo en la vía como causa del accidente, es lo cierto que no existe constancia alguna de que en ese lugar se produzca un paso frecuente de este tipo de animales u otros que lleve a considerar la obligación de señalar el riesgo”.
- Sentenza 15/2021 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:  
“... No existen datos objetivos que acrediten que el lugar en el que ocurre el accidente, vial provincial sin señalización de peligro por animales sueltos, se trate de zona donde frecuentemente la vía pueda ser atravesada por animales en libertad y, en consecuencia, tal y como se defiende por las demandadas, no había obligación de instalación de la señal P-24”.
- Sentenza 27/2010 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº. 3 de Pontevedra:  
“...Al no existir una obligación legal de señalar ese tramo, y al no haberse demostrado por la parte actora que el mismo debería de ser señalado (...), no es posible imputar la responsabilidad en la producción de los daños a la Administración aquí demandada (Diputación)...”



- Sentenza 43/2011 do Xulgado Contencioso- Administrativo nº 3 de Pontevedra, nos autos do Procedemento Abreviado 306/2010: “...quien reclama debe demostrar un determinado nivel de siniestralidad y la ausencia o insuficiencia de medidas visibles o aparentes de conservación o de señalización...”
- Sentenza 202/2020 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:  
“... La conclusión para este asunto, vista la prueba de que ha dispuesto el juzgado, conduce a la desestimación del presente recurso, porque no se habría demostrado que la Diputación, en la condición de titular de la carretera en cuestión, donde sucedió este accidente, hubiera dejado de adoptar las medidas de precaución que le serían exigibles, razonables, para evitar este tipo de accidentes, por los motivos ya expuestos: no existe una obligación de la titular de vallar este tipo de vías; sí la de señalizar el peligro asociado a la irrupción por sorpresa de animales sueltos, que es una exigencia a cargo de la titular en los casos en que le consta un alto nivel de siniestralidad asociada a ese tipo de eventos en el tramo de que se trate”.

Considerando.- Que a parte non aportou proba ningunha da frecuencia na irrupción, feito que non quedou acreditado, polo que nos atopamos ante un suposto de forza maior (caracterizado pola súa externalidade e irresistibilidade, en síntese de imprevisibilidade e consecuente inevitabilidade), ó que é allea esta Deputación, polo que dificilmente se lle poden atribuír as consecuencias indemnizatorias pola mera detentación material dunha infraestrutura, o que a convertería nunha especie de aseguradora universal de tódolos riscos, pois é sabido que existe un estándar medio de risco predicable de calquera actividade humana ó que non é allea a conducción de vehículos a motor.

Considerando.- Que a Deputación non ten a obriga de valar estradas, deber que soamente é predicable de autoestradas e autovías.

Considerando.- Que segundo o Informe Estadístico do Destacamento de Pontevedra, no momento do accidente non había luz natural, estando acendida a artificial da vía, atropellando ó animal ó sobrepasar un cambio brusco de rasante, circunstancias estas que fan descansar, a lo menos de modo indiciario, a responsabilidade na condutora do vehículo, vinculada coa forma maior, pois de terse adecuado a conducción ás circunstancias da vía (cambio de rasante, sen luz natural e zona de viñedos), o accidente probablemente non se tería producido, Así, segundo recolle o artigo 45 do R.d. 1428/03, de 21 de novembro, que aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, “todo conductor está obrigado a respetar los límites de velocidad establecidos y a tener en cuenta sus propias condiciones físicas y psíquicas, las características y el estado de la vía, del vehículo y de su carga, las condiciones meteorológicas, ambientales y de circulación y, en general, cuantas circunstancias concurren en cada momento, a fin de adecuar la velocidad de su vehículo a las mismas, de manera que siempre pueda detenerlo dentro de los límites de su campo de visión y ante cualquier obstáculo que pueda presentarse”.

Asemade, o artigo 46 do citado Regulamento sinala que: “1. Se circulará a velocidad moderada y, si fuera preciso, se detendrá el vehículo cuando las circunstancias lo exijan, especialmente en los casos siguientes:

c) CUANDO HAYA ANIMALES EN LA PARTE DE LA VÍA QUE SE ESTÁ UTILIZANDO O PUEDA PREVERSE RACIONALMENTE SU IRUPCIÓN EN ELLA”.

Polo seu lado, a Lei 18/1989 de 25 de xullo, de Bases sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, no artigo 3.3 da base cuarta recolle o seguinte:

“...Los conductores quedarán especialmente obligados a circular de manera diligente...”



En idénticos termos se expresa o xa referido R.d. 1428/2003 de 21 de novembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu articulado recolle:

Artigo 3.1 “...*Se deberá conducir con la diligencia y precaución necesarias para evitar todo daño propio o ajeno, cuidando de no poner en peligro, tanto al mismo conductor...*”

Artigo 18.1: “...*El conductor de un vehículo está obligado a mantener su propia libertad de movimientos, el campo necesario de visión y la atención permanente a la conducción, que garanticen su propia seguridad...*”.

Artigo 132.1: “...*Todos los usuarios de las vías objeto de esta Ley están obligados a obedecer las señales de circulación que establezcan una obligación o una prohibición y a adaptar su comportamiento al mensaje del resto de señales reglamentarias que se encuentren en las vías por las que circulan...*”

Considerando.- Que non se produciron mais accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que consta no expediente a idade da condutora do vehículo, 18 anos, con pouco mais de 4 meses de experiencia ao volante, o que incide dun xeito indubitado na falta de previsión dos posibles riscos que a conducción de vehículos a motor entraña.

Considerando.- Que a xurisprudencia sentada polo T.S. fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que non houbo chamada por causa do accidente polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 112/14, 264/14 e 41/21; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14 e 202/2020; abundancia de precedentes que, de interpoñerse recurso contencioso, facultaría á Deputación á solicitude de imposición de costas pola temeridade e mala fe na interposición da acción, considerando a pluralidade de precedentes e a identidade de razón entre eles e a “causa petendi” da presente reclamación.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuse o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo Xeral.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.





Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015 referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a reclamación.

29.33261.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE RIBADUMILA. (Expte. 2023060293)

Dada conta que con data 20/09/2023 (núm. rex. 2023018816), o *Concello de Ribadumia* traslada a esta Deputación reclamación de responsabilidade patrimonial presentada perante o citado Concello por D<sup>a</sup>. Lourdes Millán Ucha, por danos en vehículo producidos o día 23/07/2023, a consecuencia dun anaco de metal, aparentemente dun antigo sinal de tráfico, sobre a calzada da pista que discorre paralela á Rúa Igrexa de Barrantes, no citado Concello, e que foi cuantificada economicamente en 150,04 euros.

Resultando.- Que, xunto coa documentación remitida, consta dilixencia de comparecencia ante o instructor da Garda Civil de Cambados, con TIP R89888R, co seguinte contido:

*Que, en el día de hoy, 23/07/2023, sobre las 17:00 horas, tenía estacionado su vehículo, Opel Meriva 3189-DXX, en la pista que discurre paralela a la Rúa Iglesia de Barrantes, justo frente al restaurante A Peneira, y al acceder a la rúa Iglesia la rueda delantera derecha le reventó debido a que en la calzada había un trozo de metal, aparentemente de una antigua señal de tráfico.*

*Que se personó en el lugar una patrulla de la Guardia Civil que tomó fotos.*

Resultando.- Que con data 06/10/2023, e de conformidade no establecido no artigo 141.1, letra c), da Lei 40/2015, solicitáronse á Garda Civil de Cambados as fotografías realizadas por mor deste sinistro, remitindo na data 06/10/2023 o atestado instruído que inclúe as fotografías solicitadas, referentes á inspección ocular:

Fotografía UNO



Fotografía DOS




Vista de la rueda y el lugar donde reventó

Fotografía TRES



Fotografía CUATRO



Detalle de la rueda dañada



Ó citado atestado engádesse declaración de D<sup>a</sup>. Lourdes Millán Ucha, do 28/07/2023, na que manifesta que:

*“Presentó reclamación en el Ayuntamiento de Ribadumia con la copia de la denuncia y le informaron verbalmente que se harían cargo de la reparación de los daños.*

*Por lo expuesto anteriormente expresa su deseo de retirar la presente denuncia”.*

Resultando.- Que con data 09/10/2023, e de conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 39/2015, en relación cos artigos 66, 68.1 e 73 da mesma Lei, requiriuse á interesada para que subsanara a instancia do seguinte xeito:

- Identificando o lugar exacto no que se atopaba o desperfecto, aportando unha fotografía da pista na que aconteceron os feitos e que discorre paralela á rúa Igrexa, ou ben sinalando o punto concreto nun plano ou mapa.
- Aportando a documentación do vehículo.
- Aportando certificación feita pola aseguradora do mesmo na que deixara constancia de que non foi indemnizada por estes danos.

Resultando.- Que con data 23/10/2023, cumprimenta o requirimento aportando a documentación solicitada e a seguinte fotografía do lugar:



Resultando.- Que con data 10/10/2023, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o cal foi emitido na data 09/11/2023 co seguinte contido literal:

*PRIMEIRO. - Segundo a documentación que se achega coa reclamación (fotos e atestado), o lugar do sinistro non pertence á rede provincial de estradas.*





ATESTADO Nº: 2023-004647-00001157	FOLIO Nº:
-----------------------------------	-----------

**Diligencia de comparecencia**

En CAMBADOS (Pontevedra), siendo las 18:03, del día 23 de julio de 2023, actuando como Instructor de las presentes diligencias el agente de la Guardia Civil con Tarjeta de Identidad Profesional (TIP) R89868R, por medio de la presente se hace constar que:

COMPARECE ante el instructor, D/Dña. LOURDES MILLAN UCHA (NIF (DNI): 76926529Q), nacido en MEIS (Pontevedra), España, el 15-12-1975, hijo de DARIO y LAUREANA, con domicilio en Calle BUSTO, Num/km: 12 Armenteira-MEIS (Pontevedra), Teléfono móvil 679409207.

La persona compareciente lo hace en calidad de Denunciante-Comunicante.

Antes de la toma de declaración por parte del instructor de las presentes diligencias, se procede a informar al declarante de que está obligado a decir la verdad (Art. 433 de la Ley de Enjuiciamiento Criminal, LECrim), y de que puede incurrir en responsabilidad penal en caso de acusar o imputar falsamente una infracción penal a una persona o realizarlo con temerario desprecio a la verdad (Art. 456 del Código Penal). De igual forma puede incurrir en responsabilidad penal en el caso de simular ser responsable o víctima de una infracción penal (Art. 457 del Código Penal), o faltar a la verdad en su testimonio (Art. 458 del Código Penal).

La persona compareciente DECLARA:

Estos hechos ocurrieron entre el 23-07-2023 17:00 y el 23-07-2023 17:00, en CRUCE CON RÚA IGLESIA RIBADUMIA (Pontevedra), España, y detectados el día 23-07-2023 18:03.

La persona compareciente DECLARA, con relación a los hechos denunciados, que han sido dañados los siguientes efectos/objetos:

VEHÍCULOS

- Tipo de vehículo: Turismo. Marca: Opel. Modelo: Meriva. Matricula: 3189DXX.

PREGUNTADA la persona compareciente para que diga si conoce algún dato o información sobre la posible autoría DECLARA:



Desconoce la autoría sin poder aportar datos significativos.

PREGUNTADA para que diga cómo han podido desarrollarse los hechos DECLARA:

Que, en el día de hoy, 23/07/2023, sobre las 17:00 horas, tenía estacionado su vehículo, Opel Meriva 3189-DXX, en la pista que discurre paralela a la Rúa Iglesia de Barrantes, justo frente al restaurante A Peneira, y al acceder a la Rúa Iglesia la rueda delantera derecha le reventó debido a que en la calzada había un trozo de metal aparentemente de una antigua señal de tráfico.

Que se personó en el lugar una patrulla de la Guardia Civil que tomó fotos.

Y para que conste, se extiende la presente que firma la persona declarante, tras haberla leído por sí, en unión de la Fuerza Instructora y demás intervinientes.

Firma Agentes actuantes  Firma Declarante 



ATESTADO NÚM: 2023-004647-000001157 Folio núm:

**INFORME FOTOGRÁFICO.**

En Cambados (Pontevedra), cuando son las 18:30 horas del día 23 de julio de 2023, por medio de la presente se adjunta el reportaje fotográfico reseñado a continuación y realizado con motivo de la denuncia presentada por Dña. Lourdes Millán Ucha por daños en vehículo.

**AGENTES ACTUANTES:**

Guardia Civil con T.I.P.s: R89888R

**LUGAR DE REALIZACIÓN DEL INFORME:**

Puesto Principal de Cambados (Pontevedra).

**INFORME FOTOGRÁFICO:**

Fotografía UNO



Vista frontal del vehículo

EXPEDIENTE N.º 2023-004647-00001157 FOLO Nº:

**ACTA DE DECLARACIÓN DE Comunicante D./Dña. LOURDES MILLAN UCHA (NIF (DNI) 76926529Q)**

En Cambados (Pontevedra), siendo las 16:41 horas del día 28 de Julio de 2023, en las dependencias de PUESTO P. DE CAMBADOS, se procede a tomar manifestación a D./Dña. LOURDES MILLAN UCHA (NIF (DNI) 76926529Q), cuyos demás datos de filiación son: nacido en Meis (Pontevedra), el 15-12-1975, hijo de Dario y de Laureana, con domicilio en Calle Busto, Nº 12, Armenteira - Meis (Pontevedra), teléfono móvil 679409207, en calidad de lo que arriba se indica.

**PREGUNTADA** para que diga que desea añadir a las presentes diligencias, **MANIFIESTA** que:

Presentó reclamación en el Ayuntamiento de Ribadumia con la copia de la denuncia y le informaron verbalmente que se harían cargo de la reparación de los daños.

Por lo expuesto anteriormente expresa su deseo de retirar la presente denuncia.

**PREGUNTA:** Tiene algo más que añadir

**RESPUESTA:** que no, que lo dicho es lo cierto en lo que se afirma y ratifica, firmando una vez leída la presente en prueba de conformidad en unión de la Fuerza Instructora

Y para que conste, habiendo finalizado esta diligencia a las \_\_\_\_\_ horas del día \_\_\_\_\_ se extiende la presente en el lugar y fecha señalados que firma el declarante, tras su lectura, en unión de la Fuerza Actuante y demás intervinientes.

Firma Fuerza Instructora:  TIP W64520Q

Firma Comunicante:  NIF (DNI) 76926529Q

*SEGUNDO.- Polo exposto anteriormente pódese afirmar que o lugar onde aconteceu ten unicamente competencia municipal*

*O que se informa aos efectos oportunos.*

*A enxeñeira de Infraestruturas e Vías Provinciais*

*María Belén Pampín Camino*

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo prescrición), descritos nos artigos 67 (en relación co 66), 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que o teor do citado informe impide entrar sequer a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial pasivamente lexitimada para interpoñer perante dela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en infraestruturas que non sexan da súa titularidade.



Considerando.- Que o presente acordo cumpriente o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que *“En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque PODRÁ RESOLVER LA INADMISIÓN DE LAS SOLICITUDES (...) MANIFIESTAMENTE CARENTES DE FUNDAMENTO”*.

Considerando.- Os preceptos invocados e demais de xenérica e pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.

30.33262.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO NO CONCELLO DE TUI. (Expte. 2022060138)

Dada conta que con data de rexistro 21/09/2022 (rex. núm. 2022022174), recibíuse nesta Deputación solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. José Buceta Zarandón, con domicilio a efectos de notificacións no Lugar de Paderne nº 10 D, do Concello de Tui, sinalando que, en reiteradas ocasións, circulando co seu vehículo pola estrada, á altura da Asociación veciñal de Malvas, aproximadamente, sufriu danos consistentes na rotura de seis pares de rodas, amortiguador, llanta, pintura e chapa, segundo manifesta, ó introducir o vehículo nunha fochanca existente en dita vía os días 04/08/2021, 15/10/2021 e 20/12/2021, e que foi cuantificada economicamente en 2.500 euros.

Resultando.- Que con data 23/09/2022, requíriuse a D. José Buceta Zarandón para que subsanara a instancia aportando os seguintes documentos:

- Documentación do vehículo e permiso de circulación.
- Certificación feita pola aseguradora do vehículo na que deixara constancia de que o seu asegurado non fora indemnizado por mor deste sinistro.

Todo iso sen prexuízo de que na fase de instrución do procedemento, se lle poderían solicitar aqueles documentos necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba pronunciarse a resolución, como atestado policial ou calquera medio de proba que permitira acreditar a veracidade do relatado, así como a factura de reparación do vehículo, de ter sido reparado o mesmo.

Resultando.- Que do citado requirimento consta acuse de recibo no expediente, no cal se amosa o intento de entrega na data 28/09/2022 e a devolución á oficina de Correos o día 14/10/2022, non sendo retirado desta por D. José Buceta Zarandón, polo que o día 24/10/2022 reiterouse o envío, constando no acuse de recibo COMO ausente de reparto o día 26/10/2022, deixándose aviso no buzón, e procedéndose á devolución á oficina de Correos o día 11/11/2022, sen que tivera procedido á súa retirada.



Resultando.- Que na data 18/11/2022, procédese polo empregado de Correos a un novo intento no domicilio sinalado na instancia, constando novamente ausente de reparto o día 18/11/2022, deixando aviso no buzón e sendo devolto á oficina de Correos o día 05/12/2022.

Resultando.- Que con data 13/12/2022, e inmediatamente antes de proceder á notificación por medio dun anuncio no BOE, tal e como establece o artigo 44 da Lei 39/2015 para as notificacións infrutuosas, o Concello de Tui traslada o expediente instruído nese Concello pola presentación da reclamación por D. José Buceta Zarandón na data 07/01/2022, sendo que a mesma foi desestimada ao entender que é de titularidade provincial a estrada na que, supostamente, se produciron os incidentes (concretamente, a E.P. 3002 Acceso a Malvas).

Resultando.- Que con motivo da remisión do expediente por parte do Concello, comunicouse a recepción do mesmo nesta Deputación a D. José Buceta Zarandón, sendo que, nesta ocasión, puido ser notificado na data 12/01/2023 (acuse de recibo asinado por el mesmo, DNI do receptor \*\*\*9412\*\*).

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2023002068, de data 14/03/2023, e en virtude do artigo 32.1 da Lei 39/2015, ampliouse o prazo para resolver o procedemento por atoparse naquel intre o expediente pendente duna serie de informes necesarios para a súa resolución, circunstancia esta que aconsellou a ampliación do prazo para resolver.

Resultando.- Que con data 23/12/2022, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, en relación co 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, que o emitiu na data 25/04/2023, co seguinte contido:

*PRIMEIRO. - A localización do sinistro non é precisa. A reclamación di que os danos se produciron “baixando á Igrexa, á altura da Asociación de Malvas e no cruce de Prexegueiro, nas curvas de un pouco antes”, e aporta una foto de Google Maps.*

*Unha vez localizado o lugar da foto do Google Maps que aporta podería deducirse que se refire ó p.q. 1+670 da EP-3002 “Acceso a Malvas” (este lugar se sitúa a 150 m de distancia do cruce de Prexegueiro e da Asociación de Malvas referidas no seu escrito).*



*SEGUNDO.- Tras visita ó tramo de estrada referido, na actualidade non se aprecian danos significativos no pavimento asfáltico. Hai zonas bacheadas que se atopan en perfectas condicións e non son susceptibles de provocar ditos danos.*

*Dita estrada non foi reparada no período de tempo comprendido entre os días dos sinistros e a actualidade.*





*TERCEIRO.- Consultado o persoal da brigada de conservación de estradas responsable da zona, non lembran ningunha incidencia nin actuacións recentes no ramo referido. Non hai constancia do sinistro, nin por aviso á brigada da zona no momento de suceder nin por outras queixas, nin antes nin despois das citadas datas.*

*Tampouco hai constancia de danos causados no dominio público.*

*Non hai atestado nin testemuñas que confirmen o sucedido.*

*A foto do parche no asfalto que aporta o reclamante non se pode situar xeograficamente na estrada provincial, por non haber ningunha referencia a través da cal se poida localizar e poder contrastar o punto exacto.*

*Consta no expediente informe da Policía Local de Tui, de data 19/04/2022 no que se conclúe que non hai constancia nos arquivos de ningún parte e de ningún informe que teña relación coa incidencia que se menciona no expediente.*

*CUARTO.- Non hai sinalización advertindo do perigo por non ser ter constancia da existencia do mesmo.*

*M<sup>a</sup>. Elena Pérez Alonso*

*Enxeñeiro*

---

Considerando.- Que no presente procedemento seguiu o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Capítulo IV, do Título Preliminar da Lei 40/2015, referido á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á demora ou ausencia de recepción das notificacións por parte do reclamante e na emisión do informe obrante no expediente.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio achegado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación nos danos que se reclaman polos seguintes argumentos:

- Non resulta preciso o lugar no que tivo lugar o accidente.
- Localizado o mesmo, segundo a foto que aporta o reclamante, podería deducirse que se refire ó p.q. 1+670 da E.P. 3002 “Acceso a Malvas”, pero tras a visita ó tramo referido, non se aprecian danos significativos no pavimento asfáltico.
- Hai zonas bacheadas que se atopan en perfectas condicións e que non son susceptibles de provocar os danos relatados na instancia.
- A citada estrada non foi reparada no período de tempo comprendido entre os días dos sinistros e a actualidade.
- Consultado o persoal da brigada de conservación de estradas responsable da zona, non lembran ningunha incidencia nin actuacións recentes no ramo referido.
- Non hai constancia do sinistro, nin por aviso á brigada da zona no momento de suceder, nin por outras queixas, nin antes nin despois das citadas datas.
- Tampouco hai constancia de danos causados no dominio público.
- Non hai atestado nin testemuñas que confirmen o sucedido.



- A foto do parche no asfalto que aporta o reclamante non se pode situar xeograficamente na estrada provincial, por non haber ningunha referencia a través da cal se poida localizar e poder contrastar o punto exacto.
- Consta no expediente informe da Policía Local de Tui, de data 19/04/2022, no que se conclúe que non hai constancia nos arquivos de ningún parte e de ningún informe que teña relación coa incidencia que se menciona no expediente.
- Non hai sinalización advertindo do perigo por non ser ter constancia da existencia do mesmo.
- Non hai constancia de accidentes acaecidos por esta causa.

Considerando.- Que o reclamante non achega ningunha proba ó expediente que permita demostrar a veracidade do relatado, agás a súa manifestación subxectiva e interesada acerca do acaecido, non constando atestado, nin dilixencias policiais de intervención no accidente, por canto nin principio de proba ou indicio algún aporta ó procedemento, o que debe conducir á desestimación da reclamación por ausencia de acreditación fáctica do relatado e incumprimento do principio da carga probatoria para tentar levar o convencemento desta Deputación a realidade causal, fronte ó cal os informes do Servizo de Infraestruturas e da Policía Local de Tui, constitúense coma elementos de xuízo idóneos, sendo xurisprudencia reiterada do Tribunal Supremo a que establece que é carga que incumbe á parte interesada a de pór a disposición do instrutor do procedemento un mínimo principio probatorio, obriga obviada no presente caso.

Nesta liña, a Disposición Final 1ª da Lei 29/1998, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, remite ós principios informadores do procedemento civil a efectos do “*onus probandi*”, o que significa que, a teor do artigo 217 do citado texto ritual:

*“...Corresponde al actor y al demandado reconviniendo la carga de probar la certeza de los hechos de los que ordinariamente se desprenda, según las normas jurídicas a ellos aplicables, el efecto jurídico correspondiente a las pretensiones de la demanda y reconvención”.*

E a teor do artigo 218 do citado texto:

*“... El tribunal, sin apartarse de la causa de pedir acudiendo a fundamentos de hecho o de derecho distintos de los que las partes hayan querido hacer valer, resolverá conforme a las normas aplicables al caso”.*

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio achegado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación nos danos reclamados, xa que as concretas circunstancias que amosa o presente caso non permiten establecer o substrato fáctico preciso para imputar a responsabilidade á Administración, posto que o reclamante non facilitou ningún elemento de proba que sustente que os danos se produciron nese lugar podendo terse producido en calquera outro.

Considerando.- Que, a maior abundamento, a xurisprudencia sentada polo T.S. fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que non houbo aviso por causa do accidente, polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de



07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 112/14, 264/14 e 41/21; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14 e 202/2020.

Considerando.- Que non houbo outras reclamacións pola mesma causa.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) da Lei 39/2015, referido á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar dita reclamación.

31.33263.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DO CONCELLO DE AGOLADA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA, AO ABEIRO DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CON POBOACIÓN INFERIOR A 50.000 HABITANTES PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS DE PROXECTOS SUBVENCIONABLES AO ABEIRO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA NO ÁMBITO DO TURISMO DEPORTIVO SOSTIBLE (COMPOÑENTE 26, INVESTIMENTO 2). (Expte.2023031555)

Antecedentes:

- Ao abeiro da convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do Turismo Sostible (compoñente 26, Investimento 2) (bases reguladoras aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Corporación Provincial do 31 de marzo de 2023 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, núm. 65, de 3 de abril de 2023), mediante acordo núm. 2.32751 de 16/06/2023, a Xunta de Goberno da Deputación acordou a concesión dunha subvención, polo procedemento de concorrencia non competitiva, ao Concello de Agolada, por importe de 8.107,00 euros, co obxecto do financiamento da actuación "Mellora na area recreativa fluvial de brocos e/ou alternativas".
- En data 27/11/2023, o Concello presenta no rexistro da Deputación de Pontevedra (WEB2023065165) unha solicitude da Alcaldía de renuncia á subvención concedida.



- En data 27/11/2023 a xefa do Servizo de Cooperación emite informe-proposta favorable a aceptación da renuncia.
- En data 28/11/2023 a Intervención provincial emite dilixencia de conformidade respecto do informe-proposta do Servizo de Cooperación.

#### Fundamentos xurídicos:

##### Réxime Xurídico:

- Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).
- Bases reguladoras de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do PLAN DE Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do turismo deportivo sostible (Compoñente 26, Investimento 2).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o presente exercicio.

#### Consideracións xurídicas:

##### Instrución do expediente:

- Base Reguladora 14<sup>a</sup> da convocatoria, pola que a concesión de subvencións será instruída polo Servizo de Cooperación, correspondéndolle á súa Xefa a realización de oficio das actuacións necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes.

#### Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



#### Procedencia da renuncia:

- Artigo 94 de Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Pola súa banda os puntos 3 e 4 deste artigo establecen que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia e a Administración aceptaraas de plano e declarará concluído o procedemento salvo que, téndose presentado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días dende que foron notificados da desistencia ou da renuncia.

#### Conclusións:

O artigo 94 da LPACAP, contempla de forma conxunta a desistencia e a renuncia como modos de terminación do procedemento. A renuncia implica o abandono definitivo da pretensión que xa non poderá exercitarse novamente, mentres que a desistencia opera unicamente sobre o procedemento e non afecta ao posible novo exercicio do dereito.

A Lei esixe como requisitos da desistencia, a solicitude do interesado dirixida ao órgano administrativo competente para resolver e a súa práctica por calquera medio que permita a súa constancia (sempre que incorpore as firmas que correspondan).

Con suxeición ao antedito, o Concello de Agolada presenta, en data 27/11/2023 a solicitude formal de renuncia á subvención concedida ao abeiro da convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do Turismo Sostible (compoñente 26, Investimento 2) para o proxecto "Mellora na area recreativa fluvial de brocos e/ou alternativas".

Dado que non se ven prexudicados dereitos de terceiros nin se ve afectado o interese xeral, de acordo cos antecedentes e fundamentos de dereito, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL), e vistos o informe favorable da xefa do servizo de Cooperación, de data 27/11/2023 (CSV: IJVSGCO1J4O7AS9D) e a dilixencia de conformidade da Intervención provincial, de data 28/11/2023 (CSV: 9WN8BQB05XCL4G59), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aceptar a renuncia do *Concello de Agolada* á subvención concedida, ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria de subvencións a entidades locais da provincia de Pontevedra con poboación inferior a 50.000 habitantes para o financiamento dos gastos derivados da presentación de candidaturas de proxectos subvencionables ao abeiro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no ámbito do Turismo Sostible (compoñente 26, Investimento 2), co obxecto do financiamento da actuación "Mellora na area recreativa fluvial de brocos e/ou alternativas", expediente 2023031555.



- Determinar a imposibilidade, para o *Concello de Agolada*, de aplicar para novos investimentos o crédito por importe de 8.107,00 euros, previamente comprometido na aplicación 2023/942.3410.762.99.
- Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Agolada*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

32.33264.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DA ESTRADA AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2023 (LIÑA 3). (Expte.2022070858)

En relación á solicitude de modificación do acordo de concesión dunha subvención ó Concello da Estrada, con CIF núm. P3601700B, correspondente á liña 3 (Activación do emprego), ó abeiro do disposto nas bases reguladoras e convocatoria do *Plan concellos para a activación do emprego da Deputación provincial de Pontevedra 2023 (liña 3)*, emito o seguinte informe:

Antecedentes:

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria do día 28/10/2022, punto núm. 5.7876 aprobou as “*Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial De Pontevedra 2023 (Liña 3) e amortización de débedas con entidades financeiras, acredores de gasto corrente e investimentos e financiamento de gasto corrente derivado da prestación de servizos municipais e/ou da realización de actos culturais, deportivos, sociais (Liña 2) 2023 (Expte. 2022064094)*”, que recolle os procedementos para conceder subvencións aos concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación de dereito de ata 50.000 habitantes, segundo os datos expedidos polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referidos ao censo do exercicio 2021 (último vixente na data de aprobación das bases). As ditas bases e convocatoria foron publicadas no BOPPO nº 208 de 31/10/2022 e o extracto da convocatoria publicouse no mesmo BOPPO nº 208, do 31/10/2022.
- 2) Á vista da documentación obrante nos expedientes de subvención e dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e do Servizo de Intervención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 13 de xaneiro de 2023, punto núm. 27.32470, aprobouse a concesión dunha axuda ó abeiro do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2023/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.



3) Terceiro.- No caso do Concello da Estrada, concedéuselle unha axuda conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DA ESTRADA				
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
19	<i>2 conserxes, 2 oficiais de 1ª fontaneiros/as, 2 axudantes electricistas e 4 oficiais de 1ª albaneis a xornada completa durante 11 meses; 4 peóns forestais a xornada completa durante 10 meses; 4 peóns de obras públicas e 1 condutor/a de camiión a xornada completa durante 9 meses</i>	311.674,35 €	0,00 €	311.674,35 €

4) O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2023060206 do 31/10/2023 (corrixido o 29/11/2023, WEB2023065635), solicita modificar o acordo de concesión da axuda, motivado polo necesario reaxuste da duración das contratacións, o importe do orzamento e o importe a cofinanciar, debido á necesidade de adaptar as condicións da subvención ás novas circunstancias derivadas do cambio de necesidades e os tempos da tramitación administrativa.

Fundamentos xurídicos:

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.
- Base Sexta do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), que sinala que os concellos poderán destinar a totalidade ou a parte non empregada da Liña 3 a incrementar o importe da Liña 1. En todo caso, o Concello deberá achegar unha comunicación, asinada polo órgano competente, indicando a cantidade que pretende traspasar á Liña 1. Os traspasos entre liñas arriba referidos poden producirse no momento de presentar as solicitudes de subvención, como consecuencia da reformulación ou rexeitamento dunha solicitude ou como consecuencia das modificacións dos acordos ou das resolucións de concesión cando supoñan, dentro da correspondente liña, unha subvención inferior.



- Base Cuarta do Capítulo II das Bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do un de novembro de 2023. A modificación non poderá implicar unha variación económica á alza con respecto á cantidade inicialmente concedida. No caso de supoñer un importe inferior, poderá destinarse a contía sobrante á liña 1.

#### Conclusións:

En base á necesidade de reaxustar e adaptar ás novas circunstancias e necesidades de contratación a solicitude de axuda debido aos tempos de tramitación administrativa e á necesidade de readaptar as contratacións ás novas circunstancias e necesidades, o interesado solicita modificar a duración das contratacións, o importe do orzamento e o importe a cofinanciar con respecto á súa petición inicial, conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DA ESTRADA				
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
19	<i>2 conserxes e 2 axudantes electricistas a xornada completa durante 10 meses e 14 días; 2 oficiais de 1ª fontaneiros/as e 4 oficiais de 1ª albais durante 10 meses e 10 días; 4 peóns forestais a xornada completa durante 9 meses e 25 días; 3 peóns de obras públicas e 1 condutor/a de camión a xornada completa durante 9 meses; 1 peón de obras públicas a xornada completa durante 8 meses e 14 días</i>	326.921,04 €	27.629,03 €	299.652,01 €

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases. Esta modificación non implica variación económica algunha ó alza. De existir importe sobrante poderá destinarse á Liña 1, nos termos establecidos nas bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), para o cal o concello deberá presentar a correspondente solicitude unha vez notificado o acordo de modificación desta axuda. No caso de terse librado algún anticipo, no momento en que solicite un novo pago deberá terse en conta para axustar os importes librados á nova concesión.





Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, INFORMO FAVORABLEMENTE a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 13 de xaneiro de 2023, punto núm. 27.32470, no referente á axuda concedida ó Concello da Estrada, CIF núm. P3601700B, da maneira que segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
A Estrada (P3601700B)	19	<i>2 conserxes e 2 axudantes electricistas a xornada completa durante 10 meses e 14 días; 2 oficiais de 1ª fontaneiros/as e 4 oficiais de 1ª albaneis durante 10 meses e 10 días; 4 peóns forestais a xornada completa durante 9 meses e 25 días; 3 peóns de obras públicas e 1 condutor/a de camión a xornada completa durante 9 meses; 1 peón de obras públicas a xornada completa durante 8 meses e 14 días</i>	299.652,01 €

Non obstante, o presente informe non ten carácter vinculante para o órgano competente para resolver, que acordará o que proceda consonte ó seu superior criterio.

#### RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Por todo o exposto, á vista da documentación que obra no expediente, do informe da xefa do Servizo de Cooperación (CSV: 61NQUAE5I3VAR2GU) e do informe de Intervención (CSV: 5I8MBKQM1193PBZH), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 13 de xaneiro de 2023, punto núm. 27.32470, no referente á axuda concedida ó *Concello da Estrada*, CIF núm. P3601700B, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
A Estrada (P3601700B)	19	<i>2 conserxes e 2 axudantes electricistas a xornada completa durante 10 meses e 14 días; 2 oficiais de 1ª fontaneiros/as e 4 oficiais de 1ª albaneis durante 10 meses e 10 días; 4 peóns forestais a xornada completa durante 9 meses e 25 días; 3 peóns de obras públicas e 1 condutor/a de camión a xornada completa durante 9 meses; 1 peón de obras públicas a xornada completa durante 8 meses e 14 días</i>	299.652,01 €



O importe sobrante poderá destinarse á Liña 1, nos termos establecidos nas bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), para o cal o concello deberá presentar a correspondente solicitude unha vez notificado o acordo de modificación desta axuda. No caso de terse librado algún anticipo, no momento en que solicite un novo pago deberá terse en conta para axustar os importes librados á nova concesión.

Esta subvención imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 2023/942.9425.462.03.

2. Darlle Traslado do presente acordo ó Concello, ó Servizo de Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.

33.33265.- SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS OBXECTO DE AXUDA DOS EXPEDIENTES INEGA NÚMEROS IN421R-3527, IN421R-3532, IN421R-3533, IN421R-3534, IN421R-3538 E IN421R-3539. (Expte.2023044745)

No expediente conta o informe da Xefa do servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

*“Á vista das Resolucións favorables de concesión de axuda emitidas polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) aos expedientes IN421R-3527, IN421R-3532, IN421R-3533, IN421R-3534, IN421R-3538 e IN421R-3539 para a implantación de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos en 6 emprazamentos da Deputación de Pontevedra, e co obxecto de solicitar a modificación das axudas anteditas, a Xefa do Servizo de Cooperación, emite o seguinte:*

#### I. ANTECEDENTES

- O artigo 36.1.d da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións competencias no fomento do desenvolvemento económico e social e na defensa dos intereses peculiares da provincia.
- O Ministerio para a Transición Ecolóxica publicou en día 14 de abril de 2021 (BOE núm. 89) o Real Decreto 266/2021, do 13 de abril, polo que se aproba a concesión directa de axudas ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla para a execución de programas de incentivos ligados á mobilidade eléctrica (MOVES III) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia Europeo. En desenvolvemento do citado Real Decreto, axencia Instituto Enerxético de Galicia publicou no día 5 de agosto de 2021 (DOG núm. 149) a Resolución do 26 de xullo de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica (programa MOVES III), modificada posteriormente pola Resolución do 21 de outubro de 2021 (DOG do 27 de outubro de 2021) e pola Resolución do 23 de decembro de 2021 (DOG do 13 de xaneiro de 2022).



- En data 21/07/2022 preséntanse ante o INEGA as 6 solicitudes de axuda para “Implantación de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos en 6 emplacementsos da Deputación de Pontevedra. Tras a súa avaliación, a Xerente do INEGA emite varias Resolucións nas que se estiman favorablemente as solicitudes, e concédense as subvencións no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-NexiGenerationEU, aos proxectos e polos importes que se identifican na seguinte táboa:

Implantación de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos en 9 emplacementsos da Deputación de Pontevedra Programa Moves III							
Código expediente	Nome proxecto	Data solicitude	Data concesión	Registro entrada	Investimento elixible (100%)	Axuda INEGA (NGEU)	Aportación Deputación (fondos propios)
IN421R-3527	1 - Centro Príncipe Felipe	21/07/2022	08/05/2023	2023011013	69.744,40€	48.821,08€	20.923,32€
IN421R-3532	3 - EFAreiro	21/07/2022	24/05/2023	2023012160	62.611,45€	43.828,01€	18.783,44€
IN421R-3533	4 - Viveiro empresas Barro	21/07/2022	24/05/2023	2023012159	38.834,95€	31.067,96€	7.766,99€
IN421R-3534	5 - Parque Maquinaria Barro	21/07/2022	24/05/2023	2023012158	136.001,58€	108.801,26€	27.200,32€
IN421R-3538	8 - Finca Mouriscade	21/07/2022	24/05/2023	2023012161	34.872,20€	24.410,54€	10.461,66€
IN421R-3539	9 - Viveiro empresas Lalín	21/07/2022	20/04/2023	2023009059	14.107,39 €	9.875,17 €	4.232,22 €
TOTALIS+					356.171,97 €	266.804,02 €	89.367,95€

- O obxecto do proxecto consiste en dotar a diferentes centros da Deputación de Pontevedra de puntos de recarga de vehículos eléctricos no marco do Plan Nacional de Recuperación, transformación e resiliencia e do Plan Nacional integrado de enerxía e clima 2021-2023 (Programa Moves III).
- En canto as condicións e termos da concesión da axuda, na propia Resolución de Concesión de cada un dos expedientes, indícase que o prazo de execución e xustificación das actuacións será de 12 meses contados dende a data de notificación da resolución da concesión. Ademais, entre outras obrigas, inclúese a de xustificar ante o Inega directamente ou a través da entidade colaboradora, cando proceda, que cumpre cos requisitos ou condicións que determinan a concesión da axuda, no prazo sinalado na convocatoria.
- A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 02 de xuño de 2023, adoptou, entre outros, o acordo número 13.32714 de aceptación da axuda concedida polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) aos proxectos IN421R-3527, IN421R-3530, IN421R-3532, IN421R-3533, IN421R-3534, IN421R-3535, IN421R-3536, IN421R-3538 e IN421R-3539.
- En data 06 de xullo de 2023 solicítase ante o Instituto Galego de Enerxía (INEGA) a alta dos subproxectos na plataforma COFFEE para acceder a MINERVA e realizar a análise ex ante seguindo co establecido na orde HFP/55/2023 sobre a análise sistemática de riscos de conflito de interese nos procedementos relativos ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e que afectan a todos os contratos publicados con posterioridade ao 25 de xaneiro de 2023. Finalmente, o pasado 16/11/2023 o INEGA da alta dos subproxectos na plataforma COFFEE.



- Actualmente, aínda non se obtivo o código CRO polo que non se pode continuar co procedemento de licitación da obra para a implantación de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos nas instalacións da Deputación de Pontevedra. Esta situación está a producir demoras no calendario de execución dos traballos non posibilitando que se cumpran as condicións das resolucións de concesión.
- Ante a demora acumulada debido a esta circunstancia, co fin de garantir o deber do beneficiario de executar os traballos obxecto de axuda, e non prexudicando os intereses de terceiros é aconsellable a ampliación do prazo en seis meses máis (6 meses), quedando reflexadas na seguinte táboa a data máxima para executar os traballos relativos á execución dos proxectos IN421R-3527, IN421R-3532, IN421R-3533, IN421R-3534, IN421R-3538 e IN421R-3539.

Implantación de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos en 9 emprazamentos da Deputación de Pontevedra Programa Moves III					
Código expediente	Nome proxecto	Data solicitude	Data concesión	Prazo límite para a execución	Prazo límite para a execución TRALA MODIFICACION
IN421R-3527	1 - Centro Príncipe Felipe	21/07/2022	08/05/2023	08/05/2024	08/11/2024
IN421R-3532	3 - EFAreiro	21/07/2022	24/05/2023	24/05/2024	24/11/2024
IN421R-3533	4 - Viveiro empresas Barro	21/07/2022	24/05/2023	24/05/2024	24/11/2024
IN421R-3534	5 -Parque Maquinaria Barro	21/07/2022	24/05/2023	24/05/2024	24/11/2024
IN421R-3538	8 -Finca Mouriscade	21/07/2022	24/05/2023	24/05/2024	24/11/2024
IN421R-3539	9 -Viveiro empresas Lalín	21/07/2022	20/04/2023	20/04/2024	20/10/2024

- A ampliación do prazo de execución en seis meses máis (6 meses) dos proxectos IN421R-3527, IN421R-3532, IN421R-3533, IN421R-3534, IN421R-3538 e IN421R-3539, non afecta os obxectivos perseguidos pola axuda concedida ni afecta aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, nin prexudica ós intereses de terceiros, que sempre deberán estar en consonancia co establecido no programa de incentivos ligados á mobilidade eléctrica (MOVES III) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia Europeo.
- A solicitude de modificación é previa a data de conclusión do prazo para a realización da actividade.

## II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA NORMATIVA EXAMINADA

- Real Decreto 266/2021, do 13 de abril (BOE/BOE núm. 89), polo que se aproba a concesión directa de axudas ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla para a execución de programas de incentivos ligados á mobilidade eléctrica (MOVES III) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia Europeo.
- Resolución do 26 de xullo de 2021 (DOG núm. 149) pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica (programa MOVES III), modificada posteriormente pola Resolución do 21 de outubro de 2021 (DOG do 27 de outubro de 2021) e pola Resolución do 23 de decembro de 2021 (DOG do 13 de xaneiro de 2022).
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LGS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLGS)



- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)*
- *Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL)*
- *Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP)*
- *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)*
- *Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)*
- *Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.*

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### Competencia:

- *De conformidade co previsto o artigo 17 da Resolución do 26 de xullo de 2021 (DOG núm. 149) pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica (programa MOVES III), toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención ou, de ser o caso, a obtención concorrente doutras subvencións e axudas, fóra dos casos permitidos por esta resolución, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión da subvención ou á súa revogación. En todo caso, a modificación da resolución de concesión realizarase nos termos do artigo 35 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.*
- *De conformidade co artigo 64 Real do Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, unha vez recaída a resolución de concesión, o beneficiario poderá solicitar a modificación do seu contido, se concorren as circunstancias previstas a tales efectos nas bases reguladoras, tal como establece o artigo 17.3 l) da Lei, que se poderá autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.*
- *Tendo en conta o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que se indica que a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a pedimento dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate.*
- *Segundo o artigo 34.1.f da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a competencia para a realización dos trámites de aceptación e a aprobación das condicións impostas na resolución de concesión de axudas correspóndelle á Presidencia, por tratarse dun gasto inferior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento, ou pola Xunta de Goberno.*
- *Artigo 36.1.d) da LRBRL polo que á Deputación compételle a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social na planificación do territorio provincial de acordo coas competencias das demais administracións.*



*Petición e evacuación de informes:*

- *Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.*
- *Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.*
- *Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*
- *Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.*

*Resolución do expediente:*

- *Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición de diñeiro entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, ou á adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se establecerán.*
- *Artigo 62 do RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.*
- *Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.*
- *Artigo 17 da Resolución do 26 de xullo de 2021 (DOG núm. 149) pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes ao Programa estatal de incentivos á mobilidade eléctrica (programa MOVES III).*
- *Artigo 35 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.*

**III.- CONCLUSIONES:**

*As actuacións obxecto de axuda dos expedientes INEGA números IN421R-3527, IN421R-3532, IN421R-3533, IN421R-3534, IN421R-3538 e IN421R-3539 encádranse ao abeiro do programa MOVES III financiado pola UE dentro dos Fondos Next-Generation EU.*

*A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 02 de xuño de 2023, adoptou, entre outros, o acordo número 13.32714 de aceptación da axuda concedida polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) aos proxectos IN421R-3527, IN421R-3530, IN421R-3532, IN421R-3533, IN421R-3534, IN421R-3535, IN421R-3536, IN421R-3538 e IN421R-3539. O prazo de execución e xustificación das actuacións será de 12 meses contados dende a data de notificación da resolución da concesión de cada unha delas.*

*En data 06 de xullo de 2023 solicítase ante o Instituto Galego de Enerxía (INEGA) a alta dos subproxectos na plataforma COFFEE para acceder a MINERVA e esta petición non foi atendida ata o pasado 16 de novembro do 2023 o INEGA da alta dos subproxectos na plataforma COFFEE. Actualmente, aínda non se obtivo o código CRO polo que non se pode continuar co procedemento de licitación das obras para a implantación de infraestruturas de recarga de vehículos eléctricos obxecto de axuda.*

*Esta situación que está a producir demoras no calendario de execución dos traballos non posibilitando que se cumpran as condicións das resolucións de concesión.*



*A ampliación do prazo de execución en seis meses (6 meses), ata as datas recollidas na táboa que se indica a continuación:*

Código expediente	Nome proxecto	Prazo límite para a execución TRALA MODIFICACION
IN421R-3527	1 - Centro Príncipe Felipe	08/11/2024
IN421R-3532	3 - EFAreiro	24/11/2024
IN421R-3533	4 - Vivero empresas Barro	24/11/2024
IN421R-3534	5 -Parque Maquinaria Barro	24/11/2024
IN421R-3538	8 -Finca Mouriscade	24/11/2024
IN421R-3539	9 -Viveiro empresas Lalín	20/10/2024

*Esta ampliación dos prazos de execución non afecta os obxectivos perseguidos pola axuda concedida ni afecta aos aspectos fundamentais das actuacións propostas, que sempre deberán estar en consonancia co establecido no programa de incentivos ligados á mobilidade eléctrica (MOVES III) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia Europeo.*

*Examinados os antecedentes e a motivación legal exposta, para garantir a correcta execución dos citados proxectos é necesario a ampliación do prazo máximo de execución dos expedientes INEGA números IN421R-3527, IN421R-3532, IN421R-3533, IN421R-3534, IN421R-3538 e IN421R-3539 en (6) seis meses adicionais; sendo a nova data máxima para executar os expedientes a indicada na táboa anterior.*

*En consecuencia a solicitude de ampliación é previa á finalización do prazo máximo establecido para a execución das actuacións recollidas nos expedientes INEGA números IN421R-3527, IN421R-3532, IN421R-3533, IN421R-3534, IN421R-3538 e IN421R-3539.*

*Nesta mesma liña conclúese que a concesión da ampliación do prazo para a execución das actuacións recollidas nos expedientes INEGA números IN421R-3527, IN421R-3532, IN421R-3533, IN421R-3534, IN421R-3538 e IN421R-3539 non constitúe un prexuízo a terceiros.*

*Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, INFORMO FAVORABLEMENTE a tramitación deste expediente e PROPOÑO a MODIFICACIÓN DO PRAZO DE execución das actuacións obxecto de axuda dos expedientes INEGA números IN421R-3527, IN421R-3532, IN421R-3533, IN421R-3534, IN421R-3538 e IN421R-3539.*

#### IV. RÉXIME COMPETENCIAL

*En virtude do establecido na base 16<sup>a</sup>.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.*

*Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.*

*En Pontevedra, na data da sinatura electrónica.*

*A xefa do servizo de Cooperación  
Marina Piñeiro Novo”*



A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da Xefa do Servizo de Cooperación de data 29/11/2023, e da Intervención Provincial de data 01/12/2023, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Solicitar ao *Instituto Enerxético de Galicia (INEGA)* a ampliación do prazo máximo de (12) doce meses, a contar desde a notificación da resolución de concesión da axuda, para a execución proxectos *INEGA* números *IN421R-3527*, *IN421R-3532*, *IN421R-3533*, *IN421R-3534*, *IN421R-3538* e *IN421R-3539*, en (6) seis meses adicionais; ampliándose, deste xeito, o prazo máximo para a realización dos citados proxectos segundo o recollido na seguinte táboa:

<i>Código expediente</i>	<i>Nome proxecto</i>	<i>Prazo límite para a execución SOLICITADO</i>
<i>IN421R-3527</i>	<i>1 - Centro Príncipe Felipe</i>	<i>08/11/2024</i>
<i>IN421R-3532</i>	<i>3 - EFAreeiro</i>	<i>24/11/2024</i>
<i>IN421R-3533</i>	<i>4 - Viveiro empresas Barro</i>	<i>24/11/2024</i>
<i>IN421R-3534</i>	<i>5 -Parque Maquinaria Barro</i>	<i>24/11/2024</i>
<i>IN421R-3538</i>	<i>8 -Finca Mouriscade</i>	<i>24/11/2024</i>
<i>IN421R-3539</i>	<i>9 -Viveiro empresas Lalín</i>	<i>20/10/2024</i>

- Darlle traslado do presente acordo ao Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), á Intervención, ó Servizo de Cooperación e ó Gabinete da Presidencia.

34.33266.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DO “PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024” (PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2024). (Expte.2023072346)

Resultando que a importancia do tecido asociativo, como instrumento de integración na sociedade e de participación nos asuntos públicos é un feito recoñecido tanto constitucional como legalmente; así, resulta patente que as asociacións desempeñan un papel fundamental nos diversos ámbitos da actividade social, contribuíndo a un exercicio activo da cidadanía e á consolidación dunha democracia avanzada, representando os intereses dos cidadáns ante os poderes públicos e desenvolvendo unha función esencial e imprescindible, entre outras, nas políticas de desenvolvemento, medio ambiente, promoción dos dereitos humanos, xuventude, saúde pública, cultura, creación de emprego e outras de similar natureza, para o cal as leis contemplan o outorgamento de axudas e subvencións por parte das diferentes administracións públicas conforme ao marco legal e regulamentario de carácter xeral que as prevé, e ao específico que se estableza.





Resultando que en base ao anterior propónse unha liña de subvencións, mediante a cal a Deputación de Pontevedra se compromete a axudar, no cumprimento dos seus fins, ás asociacións de veciños e de mulleres rurais da provincia.

Considerando que, á vista desta necesidade, se confeccionan as Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2024), como medida de fomento para apoiar ás asociacións de veciños e de mulleres rurais da provincia no marco das competencias que ten atribuídas a Deputación por lei (arts. 25 e 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; artigos 232 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais; a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local que reforza o papel das deputacións como garantes da adecuada prestación dos servizos públicos; a Lei de Administración local de Galicia (5/1997, de 22 de xullo) habilita nos seus artigos 255 e 256 ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, e o artigo 72 da lei de bases (LRBRL) establece que as corporacións locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilitánlles o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades).

Considerando que a finalidade das axudas é a de mellorar a calidade de vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal e a cohesión social, mediante a promoción de investimentos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Considerando que estas bases e a súa convocatoria rexerán o procedemento aplicable para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para sufragar os gastos derivados de investimentos realizados polas asociacións da provincia de Pontevedra que reúnan os requisitos para ser entidades beneficiarias.

Considerando que as bases, ademais de recoller os criterios de distribución do crédito dispoñible conforme un procedemento de concorrencia competitiva, dotan de seguridade xurídica ó procedemento de concesión e xustificación de subvencións públicas para acadar, así mesmo, a obxectividade que deber presidir a actuación da Deputación Provincial de Pontevedra.

Considerando que o financiamento realízase con fondos propios da Deputación do orzamento do ano 2024, onde se recolle a consignación económica para esta actuación, quedando condicionado á aprobación definitiva e entrada en vigor do orzamento, de conformidade co establecido no artigo 56 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención.

Considerando que, de acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento e cumprindo co establecido no artigo 17 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno da Deputación.



Por conseguinte, vista toda a documentación relativa ó citado programa de subvencións, que obra no expediente número 2023072346; vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación conformado pola Secretaría Xeral (CSV: LWYF3GI8LRA8V2OV) e da Intervención Provincial (CSV: LP89NBKIXSSV05MA), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar a memoria explicativa dos obxectivos, custos de realización e fontes de financiamento do *Plan Provincia Comunitaria 2024*, co tenor literal que se contén no documento con CSV: ONWSPXLOX8H41IIG.

2º.- Aprobar as “*Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Plan Provincia Comunitaria 2024)*”, financiada pola Deputación de Pontevedra cun orzamento de un millón de euros (1.000.000,00 €), imputable á aplicación orzamentaria 2024/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais, quedando condicionado á aprobación e entrada en vigor do orzamento provincial para o ano 2024.

As ditas bases e convocatoria apróbanse co tenor literal que se contén no documento con CSV: K9AOMS7BPU5DLTYH.

3º.- Ordenar a súa publicación destas bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.

35.33267.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES DO “PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2024 (PROGRAMA +AQUA 2024). (Expte.2023072350)

Resultando que a auga é un recurso esencial, e escaso, tanto para a cidadanía como para o desenvolvemento económico de calquera sector. Constátase a necesidade de garantir o abastecemento de calidade para consumo humano naquelas zonas que, por mor da seca, por carecer de sistemas axeitados e/ou pola deterioración das redes, se atopan en situacións de emerxencia, carestía ou ineficiencia na prestación do servizo; e polo tanto propónse unha liña de subvencións, mediante a cal a Deputación de Pontevedra se compromete a axudar, no cumprimento dos seus fins, ás comunidades de usuarios de augas da provincia.

Considerando que, á vista desta necesidade, se confeccionan as Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (+AQUA\_2024), como medida de fomento para apoiar ás comunidades de usuarios de augas da provincia no marco das competencias que ten atribuídas a Deputación por lei (arts. 26 e 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; artigos 80 e ss. da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia; artigo 5 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia; a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local que reforza o papel das deputacións como garantes da adecuada prestación dos servizos públicos; a Lei de Administración local de Galicia



(5/1997, de 22 de xullo) habilita nos seus artigos 255 e 256 ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, e o artigo 72 da lei de bases (LRBRL) establece que as corporacións locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilitánlles o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades).

Considerando que a finalidade das axudas é a de contribuír a mellorar a calidade de vida local e satisfacer as necesidades básicas da poboación a través do financiamento de actuacións que contribúan á mellora na prestación do servizo de abastecemento de auga para consumo humano e o seu control sanitario para contribuír á mellora do nivel de garantía deses sistemas en canto á calidade da auga.

Considerando que estas bases e a súa convocatoria rexerán o procedemento aplicable para a concesión das subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para sufragar os gastos destinados a mellorar, en termos cualitativos e cuantitativos, a calidade da auga e o estado das instalacións de captación, potabilización, abastecemento e almacenamento de augas de consumo das comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra.

Considerando que as bases, ademais de recoller os criterios de distribución do crédito dispoñible conforme un procedemento de concorrència competitiva, dotan de seguridade xurídica ó procedemento de concesión e xustificación de subvencións públicas para acadar, así mesmo, a obxectividade que deber presidir a actuación da Deputación Provincial de Pontevedra.

Considerando que o financiamento realízase con fondos propios da Deputación do orzamento do ano 2024, onde se recolle a consignación económica para esta actuación, quedando condicionado á aprobación definitiva e entrada en vigor do orzamento, de conformidade co establecido no artigo 56 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención.

Considerando que, de acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento e cumprindo co establecido no artigo 17 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno da Deputación.

Por conseguinte, vista toda a documentación relativa ó citado programa de subvencións, que obra no expediente número 2023072350; vistos os informes da xefa do servizo de Cooperación conformado pola Secretaría Xeral (CSV: P4NDPZXENYM6PHQ4) e da Intervención Provincial (CSV: RVS7JKSFOJOIZTWO), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar a memoria explicativa dos obxectivos, custos de realización e fontes de financiamento do programa +ACUA\_2024, co tenor literal que se contén no documento con CSV: DZTBCV1MYRLQPDQF.



2º.- Aprobar as Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (+AQUA\_2024), financiada pola Deputación de Pontevedra cun orzamento de un millón de euros (1.000.000,00 €), imputable ás aplicacións orzamentarias 2024/942.4590.489.07, para gastos correntes, e 2024/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais, quedando condicionado á aprobación e entrada en vigor do orzamento provincial para o ano 2024.

As ditas bases e convocatoria apróbanse co tenor literal que se contén no documento con CSV: K47GJWP6HKPOWMTW.

3º.- Ordenar a súa publicación destas bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.

36.33268.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

37.33269.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.

38.33270.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

